

Programación didáctica

ESO

DEPARTAMENTO	Debuxo	
MATERIA OU ÁMBITO	Educación plástica visual e audiovisual	
CURSO E GRUPOS	3º ESO	
PROFESORADO	M ^a Jesús Labarta Madriñán Nélida Lejárraga Fernández M ^a Teresa Piñeiro Mondelo	
LIBRO DE TEXTO	no	
	Ano de implantación	

Índice

Rexenerar co cursor no índice e premendo F9 (actualizar campos)

1.	Introdución e contextualización	3
2.	Contribución ao desenvolvemento das competencias clave	5
3.	Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso	11
4.	Concreción de cada estándar de aprendizaxe avaliable:;Error! Marcador no definido.	
	Concreción de cada estándar de aprendizaxe avaliable:	13
5.	Concrecións metodolóxicas	34
	5.1 Concrecións metodolóxicas para o ensino presencial.....	34
	5.2 Concrecións metodolóxicas para o ensino telemático.....	36
	5.3 Concrecións metodolóxicas para o ensino semipresencial	37
6.	Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar	38
7.	Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción	40
	7.1 Criterios de avaliación	40
	7.2 Criterios de cualificación.....	43
	7.3 Criterios de promoción.....	46
8.	Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente	46
9.	Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentas	48
10.	Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados	49
11.	Medidas de atención á diversidade	49
12.	Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda	50
13.	Actividades complementarias e extraescolares	52
14.	Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas e n relación cos resultados académicos e procesos de mellora	53
	ampliación. Realmente será unha avaliación que vai a servir como ferramenta de mellora durante o propio curso e para os vindeiros cursos	54

1. Introducción e contextualización

Introdución xeral

Marco legal anterior:

A Lei orgánica 8/2013, no capítulo III determina que se entende por currículo o conxunto de obxectivos, competencias, contidos, criterios de avaliación, estándares e resultados de aprendizaxe avaliábeis de cada unha das ensinanzas e etapas educativas reguladas pola citada Lei. O Real decreto 1105/2014, de 26 de decembro, establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato. O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo a Lei 8/2013, corresponde ao Goberno o deseño básico, en relación cos obxectivos, competencias, contidos e criterios de avaliación, estándares e resultados de aprendizaxe avaliábeis, co fin de asegurar unha formación común e o carácter oficial e a validez en todo o territorio nacional das titulacións ás que se refire esta Lei Orgánica. Non obstante, dentro dos límites establecidos polas Administracións, os centros docentes desenvolverán e complementarán, no seu caso, o currículo e as medidas de atención á diversidade establecidas polas Administracións educativas, adaptándoos ás características do alumnado e á súa realidade educativa co fin de atender a todo o alumnado.

De acordo co artigo 24 do RD 1105/2014, o Bacharelato ten como finalidade proporcionar ao alumnado formación, madurez intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lles permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. Así mesmo, capacitará ao alumnado para acceder á educación superior.

A esta normativa de carácter xeral engádese este ano a emanada en relación coa pandemia da COVID 19:

- A Orde 3,5/2020, do 22 de abril, do Ministerio de Educación e Formación Profesional, pola que se establecen o marco e as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019/2020 e o inicio do curso 2020/2021, determina que as administracións educativas poderán autorizar para todo ou parte do curso 2020/2021 unha organización curricular excepcional, que garanta a consolidación, adquisición, reforzo ou apoio das aprendizaxes afectadas pola situación do terceiro trimestre do presente curso, por parte de todo o alumnado.

- As Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/2020, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, que determinan as liñas para a preparación do curso 2020/2021 co obxecto de que os centros e o profesorado organicen plans de recuperación e adaptación do currículo e das actividades educativas para o curso 2020/2021, coa finalidade de permitir o avance de todo o alumnado e especialmente do que ten máis dificultades.

- A Orde EFP/5,1/2020, do 20 de xuño, pola que se publican acordos da Conferencia Sectorial de Educación, para o inicio e o desenvolvemento do curso 2020/2021 establece que as administracións educativas adoptaran as medidas que correspondan para dar resposta a posibles alteracións das actividades lectivas presenciais.

- Protocolo de Adaptación ao Contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020/2021, establece as medidas preventivas, colectivas e individuais, que deben adoptarse no inicio do desenvolvemento do curso escolar 2020/2021, tanto polo persoal docente e non docente como polo alumnado e as súas familias, co obxectivo de protexer e previr no máximo posible o risco de contaxio por COVID-19.

- As Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

En consecuencia, ademais dos aspectos habituais, ás programacións didácticas terán en conta as aprendizaxes imprescindibles que non se adquiriron no curso 2019-2020 e a posibilidade de que se produza a necesidade de alternar períodos de docencia presencial, con outros telemáticos ou ben a implantación do ensino semipresencial.

Introdución xeral**Curso 2020-2021**

A Lei Orgánica 3/2020, de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, deroga a Lei Orgánica 8/2013 e prescinde dos estándares de aprendizaxe como elemento prescriptivo do currículo (art. 6 bis). Con todo, a Disposición transitoria segunda bis da devandita Lei Orgánica 3/2020 indica que estes estándares de aprendizaxe avaliábelos terán carácter orientativo ata a implantación das modificacións introducidas no currículo, na organización e nos obxectivos de EP, ESO e BAC.

Segundo o calendario de implantación da Lei Orgánica 3/2020, a introdución dos novos currículos comezará o curso 2022-2023; polo tanto, con excepción do carácter orientativo dos estándares de aprendizaxe, seguen vixentes o Real decreto 1105/2014, de 26 de decembro, que establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato e máis o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, que establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

A esta normativa curricular engádesse este ano o Protocolo de Adaptación ao Contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021/2022 e máis a Resolución do 10 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para a adopción de medidas organizativas nos centros educativos como consecuencia da pandemia da COVID-19.

A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOMLOE), derogou a LOMCE e introduciu importantes modificacións na LOE lei vixente desde 2006.

Na devandita Lei, que entrou en vigor o 19 de xaneiro de 2021, establécese un calendario de implantación das distintas modificacións. Polo que respecta ás modificacións relativas ao currículo, organización e obxectivos da ESO e o Bacharelato non se implementarán ata o curso 2022-2023 para os cursos de 1º e 3º de ESO e 1º de BAC, e o curso 2023-2024 para 2º e 4º de ESO e 2º de BAC.

Por conseguinte, no curso 2021-2022 continuaremos coa Lei orgánica 8/2013, a cal no capítulo III determina que se entende por currículo ou conxunto de obxectivos, competencias, contidos, criterios de avaliación, estándares e resultados de aprendizaxe avaliábelos de cada unha das ensinanzas e etapas educativas reguladas pola citada Lei.

No presente curso, introduciranse os cambios que afectan as condicións de acceso aos distintos ensinamentos, avaliación e condicións de cada etapa, condicións de titulación da ESO, FPB e Bacharelato.

Unicamente sinalar que para a obtención do título de bacharelato será necesaria a avaliación positiva en todas as materias e regularase a posibilidade de titular, excepcionalmente e en determinadas condicións, cunha materia suspensa.

Contextualización da materia:

Área de educación plástica, visual e audiovisual:

Si noutras épocas históricas era a palabra, tanto na súa expresión oral como escrita, a principal forma de expresión e transmisión de ideas e sentimentos, non cabe dúbida de que, na época na que estamos inmersos, a imaxe cobrou un protagonismo sen precedentes en ningunha outra época da historia da humanidade.

A materia parte dos bloques impartidos na Educación Primaria no área de Educación Artística. A parte destinada á educación plástica xa anticipaba os mesmos bloques dos que parte a materia niso, baixo as denominacións de educación audiovisual, debuxo técnico e expresión artística.

O **bloque Expresión Plástica** experimenta con materiais e técnicas diversas na aprendizaxe do proceso de creación. Inténtase dar ao alumnado unha maior autonomía na creación de obras persoais, axudando a

- planificar mellor os pasos a seguir na realización de proxectos artísticos, tanto propios como colectivos.
- No **bloque de Educación Audiovisual** Analízanse as características da linguaxe audiovisual desde o cal realízase a análise crítica das imaxes que nos rodean. Realízase tamén especial fincapé no uso das Tecnoloxías da Información e a Comunicación aplicadas á imaxe.
- No **bloque Debuxo Técnico** trasládanse coñecementos teórico-prácticos sobre diferentes formas xeométricas e sistemas de representación e aplícanse estes coñecementos á resolución de problemas e á realización de distintos deseños.

O linguaxe plástico, coma calquera linguaxe, necesita de dous niveis de comunicación: saber comprender - saber ver- e saber expresarse -saber facer-.

O saber ver constitúe un proceso físico-psíquico, de onde a percepción inmediata debe ser, en primeiro lugar, a base de un proceso de sensibilización e, posteriormente, de unha comprensión máis racional.

Introdución xeral

O saber facer implica o saber ver e manifestase de dous modos: a expresión e a representación. Para ambos modos precisa-se de unha ferramenta ou instrumentación.

No mundo das imaxes e feitos plásticos, é necesario capacitar aos individuos para apreciar, analizar, expresar e criticar a información visual que reciben.

A área de Plástica e Audiovisual ten como obxectivo fundamental o desenvolvemento destas capacidades. A Educación Plástica e Audiovisual posibilita e incide no proceso de relación a que está sometida a persoa con todo o que a rodea, tendo en conta os diferentes momentos evolutivos, co fin de potencia-lo seu desenvolvemento.

No primeiro curso, iniciase o proceso de sensibilización ós contidos plásticos do entorno do alumno e o achegamento ó significado dos mensaxes visuais farase dende o concreto, determinando os elementos constitutivos por medio de un recoñecemento e diferenciación deles, aumentando así as capacidades perceptivas. Trátase, ao mesmo tempo, de que o alumno descubra as posibilidades expresivas das formas reais e a súa interpretación, e así estimula-la súa capacidade creativa. Tamén nesta primeira etapa, o alumno adquirirá progresivamente habilidades no uso de distintos medios expresivos, destrezas do linguaxe plástico.

No terceiro curso de secundaria, o alumno afondará na percepción, analizando o entorno natural e cultural, sintetizando os elementos constitutivos nun proceso creativo persoal.

A natureza da área permite establecer unha serie de ideas centrais que proporcionan continuidade no tratamento dos contidos a o longo de toda a etapa, de forma que o alumno poida relacionar e progresar, retomando cada novo proceso alí onde se quedou anteriormente, alcanzando maiores niveis de complexidade

A Educación Plástica e Audiovisual constitúe unha materia de gran valor formativo, o impulso ás capacidades cognitivas e estéticas vén integrarse na preocupación e necesidade de estimular o coñecemento e dominio de si, das relacións cos outros, da necesidade de pórse no lugar doutros, de expresar xuízos estéticos de xeito fundamentado e respectuoso, de ampliar as posibilidades imaxinativas creativas. Así, a materia persegue, por unha banda, dotar o alumno dos recursos necesarios para poder expresarse con linguaxe gráfico-plástica e, por outra, poder xulgar e apreciar o feito artístico. O traballo de potenciación das dimensións formativas expostas, ata agora, de forma sintética pode ser desagregado en termos da súa contribución ao desenvolvemento das seguintes capacidades:

Intrapersoais que supón o autoconecemento e dominio de si, a través do contacto e experimentación con linguaxes, imaxes, formas e materiais.

- estudo das emocións e sentimentos vividos favorece o coñecemento de si e a posibilidade de integrar ese coñecemento na organización e control das experiencias emocionais.

- Perceptivas cognitivas, como percibir e interpretar criticamente as imaxes e as formais, identificar as relacións da linguaxe visual e plástica con outras linguaxes, investigar diversas técnicas plásticas e visuais.

- Estéticas e creativas, como apreciar o feito artístico, desenvolver a creatividade e expresar a súa linguaxe persoal.

- Sociais e afectivas, como respectar, apreciar e aprender a interpretar outros modos de expresión visual e plástica, relacionarse con outras persoas e participar en actividades de grupo.

- De planificación, toma de decisións e avaliación, como determinar as fases do proceso de realización dunha obra, analizar os seus compoñentes para adecualos aos obxectivos, revisala ao acabar cada unha das fases.

2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

Competencias clave do currículo de ESO

En liña coa Recomendación 2006/962/EC, do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de decembro de 2006, sobre as competencias clave para a aprendizaxe permanente, este real decreto baséase na potenciación da aprendizaxe por competencias, integradas nos elementos curriculares para propiciar unha renovación na práctica docente e no proceso de ensino e aprendizaxe. Propóñense novos enfoques na aprendizaxe e avaliación, que han de supoñer un importante cambio nas tarefas que han de resolver os alumnos e formulacións metodolóxicos innovadores. A competencia supón unha combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións, e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conjuntamente para lograr unha acción eficaz. Contémplase, pois, como coñecemento na práctica, un coñecemento adquirido a través da participación activa en prácticas sociais que, como tales, pódense desenvolver tanto no contexto educativo formal, a través do currículo, como nos contextos educativos non formais e informais.

Adóptase a denominación das competencias clave definidas pola Unión Europea. Considérase que as competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego. Identifícanse sete competencias clave esenciais para o benestar das sociedades europeas, o

crecemento económico e a innovación, e descríbense os coñecementos, as capacidades e as actitudes esenciais vinculadas a cada unha de elas.

As competencias clave do currículo son as seguintes:

Comunicación lingüística (CL).

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).

Competencia dixital (CD).

Aprender a aprender (AA).

Competencias sociais e cívicas (SC).

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (IE).

Conciencia e expresións culturais (CEC).

Tal e como consta na introducción a través da área da Educación Plástica e Visual o alumnado aprende a mirar, ver, observar e percibir, feitos importantes para a adquisición da competencia artística e cultural.

Tamén fomenta a adquisición de autonomía e iniciativa persoal o desenvolver as habilidades para desenvolver estratexias de planificación, previsión de recursos e avaliación anticipada de resultados.

Na medida en que á creación artística pode supoñer un traballo en equipo, contribúe o desenvolvemento da competencia social e cidadá, promovendo actitudes de tolerancia, respecto, cooperación. A expresión e creación artística estimula o traballo en equipo e proporciona situacións propicias a traballar o respecto, a tolerancia, a cooperación e a flexibilidade: contribúese á adquisición de habilidades sociais.

Así mesmo co acercamento ao contorno audiovisual e multimedia co uso de recursos tecnolóxicos específicos, ademais de colaborar na adquisición da competencia dixital e ser un recurso válido para a produción de creacións visuais acerca o alumno a un coñecemento do tratamento da información a que se accede a través do mundo da imaxe. O tratamento da información e a competencia dixital, CD, vense enormemente favorecidas polos traballos propios da materia; esta competencia impulsa tarefas que poden ir desde a análise de mensaxes do ámbito audiovisual e multimedia ao emprego de medios tecnolóxicos puntuais para expresar e crear.

Mediante a utilización de procedementos como a observación, experimentación, descubrimento e análise a Educación Plástica contribúe a adquisición da competencia no coñecemento e interacción do mundo físico. O mesmo sucede coa competencia matemática xa que se desenvolve a linguaxe simbólica e profundízase no coñecemento de aspectos espaciais da realidade mediante a Xeometría, e a representación obxectiva das formas. A Educación Plástica e audiovisual existe e facilita o desenvolvemento de habilidades relacionadas co pensamento científico: formular hipóteses, observar, experimentar, descubrir, reflexionar, analizar, extraer conclusións e xeneralizar. Tamén require e posibilita o contacto coa natureza e a sensibilización cara a aspectos relacionados coa conservación, coidado e reciclaxe de materiais para configurar unha obra persoal. Todo isto implica unha relación clara coas competencias de coñecemento e interacción co mundo físico, CMCT, aprender a aprender, CAA, e iniciativa e espírito emprendedor, CSIEE, (que implican aprender a trazar proxectos, a aproveitar recursos, a valorar posibilidades, anticipar resultados e avalialos).

Por outra banda, o desenvolvemento de valores presentes tamén en todas as áreas axudará a que os nosos alumnos aprendan a desenvolverse desde uns determinados valores que constrúan unha sociedade ben consolidada na que todos podamos vivir.

As diferenzas substanciais entre alumnos, levarannos a traballar desde os diferentes potenciais que posúen aplicando as pertinentes Medidas de atención á diversidade, descritas no apartado correspondente da programación.

O carácter integrador dunha materia como a Educación Plástica e Audiovisual fai posible que o seu proceso de ensino/aprendizaxe permita contribuír activamente o desenvolvemento das competencias clave da Educación Obrigatoria.

A competencia que se vincula de forma máis natural a este ámbito de coñecementos é a vinculada a conciencia e expresión cultural, CCEC. A nosa materia proporciona un ámbito de vivencias, relacións e coñecementos que fan posible a familiarización cos diferentes códigos artísticos desde o contexto de Galicia. Isto implica ampliar as posibilidades de representación mental e coñecemento e, así mesmo, as posibilidades de expresión e creación. Desde as primeiras actividades aprenderá a captar, atender, manter a atención, discriminar, relacionar e apreciar os valores estéticos e culturais das producións artísticas, tanto as propias coma as dos demais. Desde as posibilidades expresivas facilítase a comunicación a outros de ideas e sentimentos, a liberación de tensións e a manifestación destas en produtos novos, persoais e orixinais.

O desenvolvemento desta competencia facilitará a interpretación crítica, por parte do alumno, de imaxes do ámbito cultural, sendo

sensible ás súas calidades plásticas, estéticas e funcionais. Ademais recoñecerá a importancia dos valores culturais e estéticos do patrimonio que pode apreciarse en Galicia, o español e o universal, contribuíndo ao seu respecto, conservación e mellora.

A expresión plástica e visual de emocións e vivencias relacionados cos dereitos e liberdades cívicas pode ser un espazo apropiado para o coñecemento e a reflexión sobre situacións de gran valor formativo desde unha perspectiva social afectiva e moral. Tamén enriquece a capacidade comunicativa dado que posúe uns procedementos comúns que permiten facer uso duns recursos específicos para expresar ideas, sentimentos e emocións, integrando a linguaxe plástica e visual con outras imaxes.

A evolución nos elementos de percepción e estruturación do espazo a través dos contidos de xeometría e da representación das formas coopera de forma significativa a que o alumnado adquira a competencia matemática, CMCCT.

Finalmente, a competencia en comunicación lingüística, CCL, relaciónase co desenvolvemento das habilidades e estratexias para o uso da linguaxe verbal como vehículo para expresar as ideas, emocións e sentimentos que a contemplación, a análise e/ou a creación dunha obra plástica e visual levan consigo; así mesmo, fai posible a comunicación na aula á hora de transmitir mensaxes vinculadas a técnicas, materiais e instrumentos. A lectura de textos relacionados con contidos da materia é esencial tamén; familiarizarse cos comentarios e valoracións de críticos e creadores de diversos ámbitos (cinema, televisión, pintura, escultura) axudaralles aos alumnos a comprender, avaliar e forxar un criterio persoal.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DA COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

Esta área contribúe á adquisición da competencia lingüística na medida que favorece a comprensión e a expresión oral e escrita ao promover o coñecemento e a utilización do vocabulario específico referido á expresión artística e ao explorar diferentes canles de comunicación.

Os descritores que fundamentalmente traballaremos son:

- Comprender o sentido de textos orais e escritos
- Expressar oralmente con corrección, adecuación e coherencia.
- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra e escoitar atentamente ao seu interlocutor.
- Manexar elementos da comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.
- Utilizar o vocabulario axeitado para expresarse.

Na programación, a competencia lingüística será avaliada a través dos seguintes estándares de aprendizaxe:

- EPVAB1.5.1. Utiliza con propiedade as técnicas gráfico-plásticas coñecidas aplicándoas de forma axeitada ao obxectivo da actividade.
- EPVAB2.4.1. Distingue significante e significado nun signo visual.
- EPVAB2.5.1. Realiza a lectura obxectiva dunha imaxe identificando, clasificando e describindo os seus elementos.
- EPVAB2.6.1. Identifica encadramentos e puntos de vista nunha fotografía.
- EPVAB2.7.1. Deseña, en equipo, mensaxes visuais e audiovisuais con distintas funcións utilizando diferentes linguaxes e códigos, seguindo de xeito ordenado as fases do proceso (guión técnico, storyboard, realización, etc.), e valora de xeito crítico os resultados.
- EPVAB2.9.1. Deseña unha mensaxe publicitaria utilizando recursos visuais como as figuras retóricas.
- EPVAB3.1.1. Explica verbalmente ou por escrito os exemplos máis comúns de lugares xeométricos (mediatriz, bisectriz, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos, etc.).

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DA COMPETENCIA MATEMÁTICA E DAS COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIAS E TECNOLOXÍA

A área de Educación Plástica e Visual ofrece oportunidades ao alumno para utilizar a linguaxe simbólica, así como a profundización nos aspectos espaciais da realidade e a súa representación gráfica. Tamén se adestran procedementos relacionados co método científico, como o son a observación, a experimentación, o descubrimento, a reflexión e a análise.

Os descritores que fundamentalmente traballaremos son:

- a. *Interactuar coa contorna natural de xeito respectuosa*

- b. *Tomar conciencia dos cambios producidos polo home na contorna natural e as repercusións para a vida futura.*
- c. *Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao coidado saudable.*
- d. *Aplicar métodos científicos rigorosos para mellora a comprensión da realidade circundante nos distintos ámbitos.*
- e. *Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, formas xeométricas...*

Organizar a información utilizando procedementos matemáticos.

Na programación, esta competencia será avaliable a través dos seguintes estándares de aprendizaxe:

- EPVAB3.3.1. Constrúe correctamente polígonos regulares de ata cinco lados, coñecendo o lado.
- EPVAB3.4.1. Resolve correctamente os casos de tanxencia entre circunferencias, utilizando adecuadamente as ferramentas.
- EPVAB3.5.1. Constrúe correctamente un óvalo regular, coñecendo o diámetro maior.
- EPVAB3.7.1. Constrúe correctamente espirais de dous, tres, catro e cinco centros.
- EPVAB3.9.1. Debuxa correctamente as vistas principais de volumes frecuentes, identificando as tres proxeccións dos seus vértices e as súas arestas.
- EPVAB3.10.1. Constrúe a perspectiva cabaleira de prismas e cilindros simples, aplicando correctamente coeficientes de redución sinxelos.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DA COMPETENCIA DIXITAL

Dentro da área aparecen contidos que fan referencia á contorna audiovisual e multimedia, dando especial importancia ao uso de ferramentas tecnolóxicas para a creación de producións audiovisuais. Tratarase de Adquirir capacidade no tratamento tecnolóxico da imaxe. Fomentar o uso dos medios técnicos para o trazado e a descrición científica de formas.

Os descritores que fundamentalmente traballaremos son:

1. *Empregar distintas fontes para a procura de información.*
2. *Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.*
3. *Elaborar información propia distinta da obtida a través de medios tecnolóxicos.*
4. *Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.*
5. *Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.*
6. *Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.*
7. *Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías. Crea imaxes con distintos graos de iconicidade baseándose nun mesmo tema.*

Na programación, esta competencia será avaliable a través dos seguintes estándares de aprendizaxe:

- EPVAB2.3.1. Elabora unha animación con medios dixitais e/ou analóxicos.
- EPVAB2.6.2. Realiza fotografías con distintos encadramentos e puntos de vista, aplicando diferentes leis compositivas.
- EPVAB2.11.1. Elabora documentos multimedia para presentar un tema ou proxecto, empregando os recursos dixitais de xeito axeitado.
- EPVAB3.8.1. Executa deseños aplicando repeticións, xiros e simetrías de módulos.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DA COMPETENCIA DE APRENDER A APRENDER

Esta materia contribuirá á competencia de aprender a aprender na medida en que favoreza a reflexión sobre os procesos e a propia experimentación creativa, xa que esta implica a toma de conciencia das propias capacidades e recursos, así como a aceptación dos propios erros como instrumento de mellora.

Descritores prioritarios:

- *Xestionar os recursos e motivacións persoais en favor da aprendizaxe*
- *xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.*

- *Planificar os recursos e os pasos necesarios no proceso de aprendizaxe.*
- *Seguir os pasos establecidos e tomar decisións en función dos resultados intermedios que vai obtendo.*
- *Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.*

Na programación, a competencia de aprender a aprender será avaliable a través dos seguintes estándares de aprendizaxe:

- EPVAB1.1.1. Crea composicións aplicando procesos creativos sinxelos, mediante propostas por escrito, axustándose aos obxectivos finais.
- EPVAB1.5.4. Utiliza o papel como material, manipulándoo, resgando ou pregando, creando texturas visuais e táctiles para crear composicións, colaxes matéricas e figuras tridimensionais.
- EPVAB2.1.1. Analiza as causas polas que se produce unha ilusión óptica aplicando coñecementos dos procesos perceptivos
- EPVAB3.2.1. Clasifica correctamente calquera polígono de tres a cinco lados, diferenciando claramente se é regular ou irregular.
- EPVAB3.4.2. Resolve correctamente os casos de tanxencia entre circunferencias e rectas, utilizando adecuadamente as ferramentas.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DAS COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS

Esta área é unha boa ferramenta para potenciar a competencia social e cívica, na medida en que as producións artísticas pódense suscitar como traballo en equipo, sendo unha gran oportunidade para fomentar a cooperación, o respecto, a tolerancia.... Por outra banda, o fomento da creatividade no aula leva a valorar diversos enfoques e formulacións.

Descriptorios prioritarios:

1. Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto escolar.
2. Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
3. Mostrar dispoñibilidade para a participación activa nos ámbitos establecidos.
4. Recoñecer a riqueza na diversidade de opinións e ideas.
5. Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.

Na programación, a competencia social e cívica será avaliable a través dos seguintes estándares de aprendizaxe:

- EPVAB1.4.2. Representa con claroscuro a sensación espacial de composicións volumétricas sinxelas.
- EPVAB1.5.6. Aproveita materiais reciclados para a elaboración de obras de forma responsable co medio e aproveitando as súas calidades gráfico-plásticas.
- EPVAB1.5.7. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en orde e estado perfectos, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.
- EPVAB2.2.1. Identifica e clasifica ilusións ópticas segundo as leis da Gestalt.
- EPVAB2.8.1. Identifica os recursos visuais presentes en mensaxes publicitarias visuais e audiovisuais.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DA COMPETENCIA EN SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR

Esta área colabora en gran medida na adquisición do sentido de iniciativa e espírito emprendedor, xa que en todo proceso de creación hai que converter unha idea nun produto; e para iso hanse de desenvolver estratexias de planificación, de previsión de recursos, de anticipación e de avaliación de resultados. Este proceso sitúa ao alumnado ante un proceso que lle obriga a tomar decisións dun xeito autónomo. Todo isto, xunto co espírito creativo, a experimentación, a investigación e autocrítica, fomentan a iniciativa e o espírito emprendedor.

Descriptorios prioritarios:

1. *Optimizar recursos apoiándose en fortalezas propias.*
2. *Ser constante no traballo superando dificultades.*
3. *Xestionar o traballo en grupo, coordinando tarefas e tempos.*
4. *Priorizar a consecución de obxectivos de grupo a intereses persoais.*
5. *Mostrar iniciativa persoal para comezar a promover accións novas.*
6. *xerar novas e diverxentes posibilidades desde os coñecementos previos dun tema.*
7. *Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa.*
8. *Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.*
9. *Asumir riscos no desenvolvemento de tarefas ou proxectos.*

Na programación, esta competencia será avaliada a través dos seguintes estándares de aprendizaxe:

- EPVAB1.1.2. Coñece e aplica métodos creativos para a elaboración de deseño gráfico, deseños de produto, moda e as súas múltiples aplicacións.
- EPVAB1.2.1. Reflexiona e avalía, oralmente e por escrito, o proceso creativo propio e alieo desde a idea inicial ata a execución definitiva.
- EPVAB1.4.1. Realiza modificacións da cor e as súas propiedades empregando técnicas propias da cor pigmento e da cor luz, aplicando as TIC, para expresar sensacións en composicións sinxelas.
- EPVAB1.4.3. Realiza composicións abstractas con diferentes técnicas gráficas para expresar sensacións por medio da cor.
- EPVAB1.5.5. Crea co papel recortado formas abstractas e figurativas compoñendoas con fins ilustrativos, decorativos ou comunicativos.
- EPVAB3.6.1. Constrúe varios tipos de óvalos e ovoides, segundo os diámetros coñecidos.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DO PERFIL DA COMPETENCIA EN CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIAS

A área de educación plástica, visual e audiovisual, contribúe, especialmente, a adquirir a competencia artística e cultural, xa que pon énfasis en ampliar o coñecemento dos diferentes códigos artísticos e na utilización das técnicas e os recursos que lles son propios. O alumnado aprende a mirar, ver, observar e percibir, e, desde o coñecemento da linguaxe visual, a apreciar os valores estéticos e culturais das producións artísticas. Por outra banda, contribúese a esta competencia cando se experimenta e investiga coa diversidade de técnicas plásticas e visuais e o alumno é capaz de expresarse a través da imaxe. A adquisición desta competencia permítelle coñecer, valorar e respectar as diferentes manifestacións culturais e artísticas e apreciar os recursos e técnicas que lles son propios e coñecendo os diferentes resortes que propician a creatividade e valoralos nas diferentes producións artísticas.

Descriptorios prioritarios:

1. *Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.*
2. *Apreciar a beleza das expresións artísticas e as manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián.*
3. *Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.*
4. *Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural e cara a aquelas persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.*
5. *Valorar a interculturalidade como fonte de riqueza persoal e cultural.*

Na programación, esta competencia será avaliada a través dos seguintes estándares de aprendizaxe:

- EPVAB1.3.1. Comprende e emprega os niveis de iconicidade da imaxe gráfica, elaborando bosqueños, apuntamentos, e debuxos esquemáticos, analíticos e miméticos.
- EPVAB1.5.2. Utiliza o lapis de grafito e de cor, creando o claroscuro en composicións figurativas e abstractas mediante a

aplicación do lapis de forma continua en superficies homoxéneas ou degradadas.

- EPVAB1.5.3. Experimenta coa técnica de diferentes formas (pinceis, esponxas, goteos, distintos graos de humidade, estampaxes, etc.), valorando as posibilidades expresivas segundo o grao de opacidade e a creación de texturas visuais cromáticas
- EPVAB2.2.2. Deseña ilusións ópticas baseándose nas leis da Gestalt.
- EPVAB2.5.2. Analiza unha imaxe, mediante unha lectura subxectiva, identificando os elementos de significación, narrativos e as ferramentas visuais utilizadas, sacando conclusións e interpretando o seu significado.
- EPVAB2.10.1. Reflexiona criticamente sobre unha obra de cine, situándoa no seu contexto e analizando a narrativa cinematográfica en relación coa mensaxe.
- EPVAB3.11.1. Realiza perspectivas isométricas de volumes sinxelos, utilizando correctamente a escuadra e o cartabón para o trazado de paralelas.

3. Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso

O RD 1105/2014 establece que os obxectivos do currículo son os referentes relativos aos logros que o estudante debe acadar a o finalizar cada etapa, como resultado das experiencias de ensino-aprendizaxe intencionalmente planificadas con ese fin (Cfr. Artigo 2). No artigo 10 do Decreto 86/2015 precísanse os obxectivos da ensinanza secundaria obrigatoria, que a seguir se concretan para este curso e materia, establecendo a súa correspondencia cos contidos e criterios de avaliación.

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

1. Observar, percibir, comprender e interpretar de forma crítica as imaxes da contorna natural e cultural, sendo sensible ás súas calidades plásticas, estéticas e funcionais.

OBXECTIVOS PROPIOS DA MATERIA

2 Participar na vida cultural, apreciando o feito artístico, identificando, interpretando e valorando os seus contidos e entendéndolos como parte integrante da diversidade, contribuíndo ao respecto, conservación e mellora do patrimonio. Apreciar os valores culturais e estéticos, identificando, interpretando e valorando os seus contidos; entendelos como parte da diversidade cultural, contribuíndo ao seu respecto, conservación e mellora.

3. Empregar a linguaxe plástica, visual e audiovisual para representar emocións e sentimentos, vivencias e ideas, contribuíndo á comunicación e á convivencia. Comprender as relacións da linguaxe plástica e visual con outras linguaxes e elixir a fórmula expresiva máis adecuada en función das necesidades de comunicación.

4. Expresarse con creatividade e descubrir o carácter instrumental da linguaxe plástica, visual e audiovisual como medio de expresión, as súas relacións con outras linguaxes e materias, desenvolvendo a capacidade de pensamento diverxente e a cultura emprendedora. Expresarse con creatividade, mediante as ferramentas da linguaxe plástica e visual, e saber relacionalas con outros ámbitos de coñecemento.

5. Coñecer, comprender e aplicar correctamente a linguaxe técnica- gráfico e a súa terminoloxía, adquirindo hábitos de observación, precisión, rigor e pulcritude, valorando positivamente o interese e a superación de dificultades. Utilizar a linguaxe plástica para representar emocións e sentimentos, vivencias e ideas, contribuíndo á comunicación, reflexión crítica e respecto entre as persoas.

6. Utilizar as diversas técnicas plásticas, visuais e audiovisuais e as tecnoloxías da información e a comunicación para aplicarlas nas propias creacións, analizando a súa presenza na sociedade de consumo actual, así como utilizar os seus recursos para adquirir novas aprendizaxes.

7. Superar os estereotipos e convencionalismos presentes na sociedade, adoptando criterios persoais que permitan actuar con autonomía e iniciativa e potencien a autoestima.

8. Representar a realidade de maneira obxectiva, coñecendo as normas establecidas e valorando a súa aplicación no mundo da arte e do deseño. Representar corpos e espazos simples mediante o uso da perspectiva, as proporcións e a representación das calidades das superficies e o detalle, de maneira que sexan eficaces para a comunicación.

9 Planificar e reflexionar de forma individual e cooperativa no proceso de realización de obxectos e obras gráfico-plásticas partindo duns obxectivos prefixados, revisando e valorando durante cada fase o estado da súa consecución. Planificar e reflexionar, de forma individual e cooperativamente, sobre o proceso de realización dun obxecto, partindo duns obxectivos predefinidos, e revisar e valorar, ao final de cada fase, o estado da súa consecución.

10 Cooperar con outras persoas en actividades de creación colectiva de maneira flexible e responsable, favorecendo o diálogo, a colaboración, a comunicación, a solidariedade e a tolerancia. Relacionarse con outras persoas participando en actividades de grupo con flexibilidade e responsabilidade, favorecendo o diálogo, a colaboración e a comunicación.

4. Concreción de cada estándar de aprendizaxe available:

Para a interpretación das táboas: Instrumentos e procedementos de avaliación (*Instr. E proc.*): TP= traballo persoal do alumno (láminas ou outro tipo de traballos); PE = Proba escrita; O: Observación directa do profesor recollida na ficha do alumno.

PRIMEIRO TRIMESTRE : Unidade didáctica 1. Trazados básicos. Formas poligonais. Unidade didáctica 2. Relacións de proporcionalidade. Unidade didáctica 3. A Publicidade e o deseño. O cine

Unidade didáctica 1. Trazados básicos. Formas poligonais (2,5 puntos)						
OB	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALUACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	Comp	INST	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f ▪ g ▪ b ▪ f 	B3.1. Lugares xeométricos fundamentais. Circunferencia, mediatriz, bisectriz e mediana. <ul style="list-style-type: none"> ▪ Conceptos básicos da xeometría plana: ▪ Mediatriz ▪ Bisectriz: Bisectriz sin vértice ▪ Trazado de perpendiculares e paralelas con compás ▪ Construción de ángulos con compás 	B3.1. Coñecer lugares xeométricos e defínilos.	EPVAB3.1.1. Explica verbalmente ou por escrito os exemplos máis comúns de lugares xeométricos (mediatriz, bisectriz, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos, etc.). <i>Indicadores de logro:</i> Comprende o concepto de lugar xeométrico a través do trazado dos lugares xeométricos básicos e as súas aplicacións: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Mediatriz(trazado de perpendiculares a outras rectas con compás) ▪ Bisectriz (debuxar ángulos 30°, 15°, 75°...usando a bisectriz) 	CCL	PE	50%
					TP	50%
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f ▪ n 	B3.2. Polígonos. Polígonos regulares e irregulares. Clasificación dos polígonos.	B3.2. Clasificar os polígonos en función dos seus lados, recoñecendo os regulares e os irregulares.	EPVAB3.2.1. Clasifica correctamente calquera polígono de tres a cinco lados, diferenciando claramente se é regular ou irregular.	CAA	PE	50%
b f	B3.3. Construción de polígonos regulares dado o lado.	B3.3. Estudar a construción de polígonos regulares coñecendo o lado.	EPVAB3.3.1. Constrúe correctamente polígonos regulares de ata cinco lados, coñecendo o lado.	CMCCT	PE	

n			<p><i>Indicadores de logro:</i></p> <p>Constrúe os polígonos regulares a partir do lado (3,4,5,6,8 y 10) cos pasos diante e os polígonos de 3 a 5 saberá facelos pola súa conta.</p>		TP	50%
---	--	--	--	--	----	-----

Unidade didáctica 2: Relacións de proporcionalidade (2,5 puntos)						
OB.	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALUACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	Com	Proc	Pon
b f g n	<p>Proporcionalidade</p> <p>Relacións de proporcionalidade entre figuras planas (igualdade, simetría, xiro e traslación).</p> <p>Métodos de copia de figuras mediante a igualdade.</p> <p>B3.8. Redes modulares: cadrada e triangular. O Módulo.</p> <p>B3.9. Concepto de simetría, xiro e traslación aplicado a composicións modulares.</p>	<p>B3.8. Estudar os conceptos de simetrías, xiros e traslacións aplicándoos ao deseño de composicións con módulos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> EPVAB3.8.1. Executa deseños aplicando repeticións, xiros e simetrías de módulos. <p><i>Indicadores de logro:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> Realiza correctamente un xiro a unha figura plana proposta. Realiza correctamente un movemento de traslación a unha figura plana proposta. Realiza una figura simétrica a outra proposta (simétrica central e axial) Realiza a copia dunha figura plana proposta a través dos métodos de copia da igualdade. Utiliza os movementos no plano (igualdade, traslación, simetría ou xiro) para realizar deseños propios partindo do concepto de módulo (deseño de estruturas modulares, azulexos...) 	CD	PE	100%
					TP	100%

Unidade didáctica 3: A Publicidade e o deseño. O cine (5 puntos)						
Ob.	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALUACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	Proc.	Pon	Comp
	B2.11. Recursos visuais presentes en	B2.8. Identificar e recoñecer as linguaxes visuais apreciando os estilos e as tendencias,	EPVAB2.8.1. Identifica os recursos visuais presentes en	PE	50%	<ul style="list-style-type: none"> CSC

	mensaxes publicitarias visuais e audiovisuais.	valorando, e respectando do patrimonio histórico e cultural, e gozando del.	mensaxes publicitarias visuais e audiovisuais.			
e l n ñ o	B2.12. Publicidade: principais recursos visuais empregados nela.	B2.9. Identificar e empregar recursos visuais como as figuras retóricas na linguaxe publicitaria.	EPVAB2.9.1. Deseña unha mensaxe publicitaria utilizando recursos visuais como as figuras retóricas.	TP	100%	■ CCL
1ª	T.1	EPVAB3.1.1. Explica verbalmente ou por escrito os exemplos máis comúns de lugares xeométricos (mediatriz, bisectriz, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos, etc.).	EPVAB3.2.1. Clasifica correctamente calquera polígono de tres a cinco lados, diferenciando claramente se é regular ou irregular.	EPVAB3.3.1. Constrúe correctamente polígonos regulares de ata cinco lados, coñecendo o lado.	Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades. Amosa unha actitude autónoma e responsable, respectando o traballo propio e alleo.					3,3
	T.2	EPVAB3.8.1. Executa deseños aplicando repeticións, xiros e simetrías de módulos.								3,3
	T.3	EPVAB2.8.1. Identifica os recursos visuais presentes en mensaxes publicitarias visuais e audiovisuais.	EPVAB2.9.1. Deseña unha mensaxe publicitaria utilizando recursos visuais como as figuras retóricas.	EPVAB2.11.1. Elabora documentos multimedia para presentar un tema ou proxecto, empregando os recursos dixitais de xeito axeitado.	EPVAB2.7.1. Deseña, en equipo, mensaxes visuais e audiovisuais con distintas funcións utilizando diferentes linguaxes e códigos, seguindo de xeito ordenado as fases do proceso (guión técnico, storyboard, realización, etc.), e valorade xeito crítico os resultados	EPVAB2.10.1. Reflexiona criticamente sobre unha obra de cine, situándoa no seu contexto e analizando a narrativa cinematográfica en relación coa mensaxe.				3,3
2ª	T.4	EPVAB3.4.1. Resolve correctamente os casos de tanxencia entre circunferencias, utilizando adecuadamente as ferramentas.	Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.	Amosa unha actitude autónoma e responsable, respectando o traballo propio e alleo.						3,3
	T.5	EPVAB3.5.1. Constrúe correctamente un óvalo regular, coñecendo o diámetro maior.	EPVAB3.6.1. Constrúe varios tipos de óvalos e ovoides, segundo os diámetros coñecidos	EPVAB3.7.1. Constrúe correctamente espirais de dous, tres, catro e cinco centros.						3,3

	T.6	EPVAB2.1.1. Analiza as causas polas que se produce unha ilusión óptica aplicando coñecementos dos procesos perceptivos.	EPVAB2.2.1. Identifica e clasifica ilusións ópticas segundo as leis da Gestalt.	EPVAB2.2.2. Deseña ilusións ópticas baseándose nas leis da Gestalt.	EPVAB2.4.1. Distingue significante e significado nun signo visual.	EPVAB2.5.2. Analiza unha imaxe, mediante unha lectura subjectiva, identificando os elementos de significación, narrativos e as ferramentas visuais utilizadas, sacando conclusións e interpretando o seu significado.	EPVAB2.5.1. Realiza a lectura obxectiva dunha imaxe identificando, clasificando e describindo os seus elementos.		3,3
		EPVAB2.6.1. Identifica encadramentos e puntos de vista nunha fotografía.	EPVAB2.6.2. Realiza fotografías con distintos encadramentos e puntos de vista, aplicando diferentes leis compositivas.	EPVAB2.3.1. Elabora unha animación con medios dixitais e/ou analóxicos.	EPVAB2.7.1. Deseña, en equipo, mensaxes visuais e audiovisuais con distintas funcións utilizando diferentes linguaxes e códigos, seguindo de xeito ordenado as fases do proceso (guión técnico, storyboard, realización, etc.), e valora de xeito crítico os resultados.				
3ª	T.7	EPVAB3.9.1. Debuxa correctamente as vistas principais de volumes frecuentes, identificando as tres proxeccións dos seus vértices e as súas arestas.	EPVAB3.10.1. Constrúe a perspectiva cabaleira de prismas e cilindros simples, aplicando correctamente coeficientes de redución sinxelos.	EPVAB3.11.1. Realiza perspectivas isométricas de volumes sinxelos, utilizando correctamente a escuadra e o cartabón para o trazado de paralelas.					5
	T.8	EPVAB1.2.1. Reflexiona e avalía, oralmente e por escrito, o proceso creativo propio e alieo desde a idea inicial ata a execución definitiva.	EPVAB1.4.1. Realiza modificacións da cor e as súas propiedades empregando técnicas propias da cor pigmento e da cor luz, aplicando as TIC, para expresar sensacións en composicións sinxelas.	EPVAB1.4.2. Representa con claroscuro a sensación espacial de composicións volumétricas sinxelas.	EPVAB1.4.3. Realiza composicións abstractas con diferentes técnicas gráficas para expresar sensacións por medio do uso da cor.	EPVAB1.5.1. Utiliza con propiedade as técnicas gráfico-plásticas coñecidas aplicándoas de forma axeitada ao obxectivo da actividade.	EPVAB1.5.2. Utiliza o lapis de grafito e de cor, creando o claroscuro en composicións figurativas e abstractas mediante a aplicación do lapis de forma continua en superficies homoxéneas ou degradadas.	EPVAB1.5.3. Experimenta coas témperas aplicando a técnica de diferentes formas (pinceis, esponxas, goteos, distintos graos de humidade, estampaxes, etc.), valorando as posibilidades expresivas segundo o grao de opacidade e a creación de texturas visuais	

								cromáticas.	5
		EPVAB1.5.4. Utiliza o papel como material, manipulándoo, resgando ou pregando, creando texturas visuais e táctiles para crear composicións, colaxes matéricas e figuras tridimensionais.	EPVAB1.5.5. Crea co papel recortado formas abstractas e figurativas compóndoas con fins ilustrativos, decorativos ou comunicativos.	EPVAB1.5.6. Aproveita materiais reciclados para a elaboración de obras de forma responsable co medio e aproveitando as súas calidades gráfico-plásticas.	EPVAB1.5.7. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en orde e estado perfectos, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades. Amona unha actitude autónoma e responsable, respectando o traballo propio e alleo.				
<p>Cada color corresponde a unha avaliación distinta, cada avaliación ten unha puntuación máxima de 10 puntos e, dentro de cada avaliación, a cada unidade didáctica corresponderanlle os puntos da columna da dereita.</p> <p>Con fondo de color mais intenso están sinalados aqueles estándares que maior importancia teñen no desenrolo das capacidades do alumno e, polo tanto, mais peso na nota obtida.</p>									

APLICACIÓN DOS ESTÁNDARES E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DO ALUMNO

<p>Probas 40%</p>	<ul style="list-style-type: none"> • As preguntas do exame estarán deseñadas tendo como referencia os estándares sinalados como PE nas unidades a cualificar . • Da proba obtemos o nivel de adquisición de cada estándar traballado aplicando os criterios recollidos na táboa de “Escala de valoración do estándares”. 	
<p>Traballos prácticos 60%</p> <p>(No caso de non realizar proba escrita nunha determinada unidade didáctica o 100% da nota corresponde á parte de TP)</p>	<p>Traballos debuxo Técnico</p>	<ul style="list-style-type: none"> • As láminas valorarán o estándar ou estándares sinalados na unidade como TP (traballo persoal) • Para a cualificación de cada estándar teranse en conta os aspectos recollidos na táboa anterior “de “Escala de valoración do estándares”.
	<p>Traballos comunicación audiovisual</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Os traballos do bloque audiovisual serán cualificados utilizando estándares sinalados como TP da unidade correspondente. • Cada proxecto plantexado traballará varios estándares, todos eles sinalaranse na rúbrica de corrección do traballo • Cando o profesor propoña un traballo máis complexo ou laborioso, este poderá contar o dobre (incluso o triple se fose necesario) que o resto dos traballos propostos. Se así fose, o profesor deberá explicar os cambios na cualificación ao alumno ao propoñer o traballo. • Para a cualificación de cada estándar teranse en conta os aspectos recollidos na táboa anterior de “Escala de valoración do estándares”. • A nota final do traballo a obtemos tendo en conta a nota dos estándares traballados respectando o peso de cada estándar recollido na unidade.
	<p>Traballos Ex presión plástica</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Os traballos do bloque “ex presión plástica” serán cualificados utilizando estándares da unidade correspondente. • Cada proxecto plantexado traballará varios estándares, todos eles sinalaránse na rúbrica de corrección do traballo • Cando o profesor propoña un traballo máis complexo ou laborioso, este poderá contar o dobre (incluso o triple se fose necesario) que o resto dos traballos propostos. Se así fose, o profesor deberá explicar os cambios na cualificación ao alumno ao propoñer o traballo. • Para a cualificación de cada estándar teranse en conta os aspectos recollidos na táboa anterior de “Escala de valoración do estándares”. • A nota final do traballo a obtemos tendo en conta a nota dos estándares traballados respectando o peso de cada estándar recollido na unidade.
<p>Actitude ante o traballo</p>	<p>Sempre que aparezan na programación as siglas do traballo persoal TP entenderemos que existe a observación de dito proceso de traballo por parte do profesor correspondente para poder valorar ao completo dito traballo. Para facelo, utilizará as súas anotacións sobre a actitude mostrada polo alumno durante o proceso e aplicará os parámetros da táboa: NIVEIS DE ADQUISICIÓN DOS ESTÁNDARES DA UNIDADE- Estándares indicativos da actitude do alumno para cualificalo.</p>	
<p>Aclaracións:</p>		

<p>Modo de cualificación de traballos para aplicar os estándares:</p>	<p>O profesor utilizará unha rúbrica para a corrección de cada traballo proposto. En dita rúbrica anotará os estándares traballados e a puntuación que corresponde a cada un de eles. A nota do traballo configúrase respectando o valor asignado a cada estándar na unidade. No caso de que a cualificación sexa negativa en algún dos estándares considerados como básicos o alumno terá que recuperar o traballo.</p>
<p>Os estándares básicos se distinguen por ter unha cor máis escura nas táboas da unidade didáctica correspondinte e unha porcentaxe igual ou superior ao 20%.</p>	

Táboas para medir o nivel de adquisición dos estándares:

<p>NIVELES DE ADQUISICIÓN DOS ESTÁNDARES DA UNIDADE- Estándares referidos a la realización de trazados TP / PE</p>			
<p>En vías de adquisición (desde 0% a 40% do valor do estandar)</p>	<p>Adquirido (50% ou 60% do valor asignado ao estandar)</p>	<p>Avanzado (70% ou 80% do valor asignado ao estandar)</p>	<p>Excelente (90% o 100% do valor asignado ao estandar)</p>
<p>O trazado é incorrecto e a presentación non é a adecuada. (nos aspectos de limpeza e precisión nos trazados e no feito de respectar a diferenza de grosos),.</p>	<p>Realiza ben o trazado .A presentación é mellorable (nos aspectos de limpeza, precisión nos trazados e respectar a diferenza de grosos).</p>	<p>Os trazados son correctos e a presentación máis que aceptable.</p>	<p>Os trazados son correctos e realizados con precisión e limpeza. A presentación do traballo é a correcta</p>
<p>NIVELES DE ADQUISICIÓN DOS ESTÁNDARES NON TEÓRICOS DOS BLOQUES DE CONTIDOS: EXPRESIÓN PLÁSTICA E COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL. TP</p>			
<p>En vías de adquisición (desde 0% a 40% do valor do estandar)</p>	<p>Adquirido (50% ou 60% do valor asignado ao estandar)</p>	<p>Avanzado (70% ou 80% do valor asignado ao estandar)</p>	<p>Excelente (90% o 100% do valor asignado ao estandar)</p>
<p>A solución final non é creativa nin orixinal. Co traballo presentado e durante a realización do mesmo non amosa a adquisición do aspecto indicado no estándar e traballado na unidade didáctica. A presentación do traballo non é a correcta.</p>	<p>A solución final é correcta (nin creativa nin orixinal), en ela amosa ter adquirido o aspecto básico indicado no estándar e traballado na unidade didáctica.</p>	<p>O solución final ten certo grao de creatividade e amosa ter obtidos todos os aspectos traballados na unidade e indicados no estándar. Durante a realización do traballo o mostra as habilidades técnicas adquiridas. E a presentación do traballo é a adecuada.</p>	<p>A solución final é creativa e orixinal. Mostra capacidade de superación encontrando pola súa conta solucións aos problemas que aparecen durante a realización do traballo. A presentación do traballo é a correcta e o alumno móstrase participativo e implicado en todo momento co seu traballo e dominando todos os aspectos indicados polo estándar.</p>

NIVELES DE ADQUISICIÓN DOS ESTÁNDARES DA UNIDADE- Estándares indicativos da actitude do alumno- Traballo na aula **TP**

Inaceptable (desde 0% a 40% do valor do estandar)	Aceptable (50% ou 60% do valor asignado ao estandar)	Buena (70% ou 80% do valor asignado ao estandar)	Excelente (90% o 100% do valor asignado ao estandar)
Os rexistros do profesor sobre a actitude mostrada polo alumno durante a realización do traballo na aula mostran un alumno cunha actitude inadecuada. Non aproveita o tempo de traballo, interrompe a clase e a súa actitude pode chegar a ser un problema para o desenrolo do seu proceso de aprendizaxe e incluso interrompiro dos compañeiros.	Os rexistros recompilados da ficha do profesor amosan que o seu comportamento é aceptable aínda que o alumno non está implicado no traballo nin aproveita ao 100% o tempo de traballo na clase.	Os rexistros recompilados da ficha do profesor amosan que o seu comportamento é aceptable e o alumno está implicado no traballo e aproveita razoablemente o tempo de traballo en clase.	O alumno móstrase participativo e implicado en todo momento co seu traballo. Mostra unha actitude autónoma e responsable, respectando o traballo propio e alleo e Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades, ten iniciativa e é participativo e aproveita o tempo de traballo na aula.

NIVELES DE ADQUISICIÓN DOS ESTÁNDARES DA UNIDADE- Estándares referidos á comprensión de conceptos **PE**

En vías de adquisición (desde 0% a 40% do valor do estandar)	Adquirido (50% ou 60% do valor asignado ao estandar)	Avanzado (70% ou 80% do valor asignado ao estandar)	Excelente (90% o 100% do valor asignado ao estandar)
Non coñece nin comprende o concepto a tratar.	Coñece o concepto pero non sabe aplicalo.	Coñece o concepto e aplícao en exercicios sinxelos propostos.	Coñece o concepto e aplícao en exercicios e detecta situacións nas que poda ser útil o aprendido.

4. Concrecións metodolóxicas

4.1 Concrecións metodolóxicas para o ensino presencial

Concrecións metodolóxicas para o ensino presencial

Principios metodolóxicos xerais.

A función do profesor na área da educación plástica e visual será a de crear situacións de aprendizaxe no ámbito da aula. Para isto, haberá de guiarse dunha serie de criterios metodolóxicos para o desenrolo das actividades de ensino e aprendizaxe, sen esquecer que cada momento e cada alumno require unha actuación particular e concreta á que os criterios metodolóxicos e a propia práctica docente deben dar cabida e que, así mesmo, existen multitude de opcións metodolóxicas que permiten alcanzar a consecución dos obxectivos propostos.

Os principios metodolóxicos a seguir serán os seguintes:

- Un dos aspectos fundamentais será a consecución, pola parte do alumno, dunha aprendizaxe significativa a través dunha programación coherente, lóxica e debidamente adaptada a cada caso concreto.

O aprendizaxe irase construíndo a partir dunha programación coherente e lóxica. En cada unha das unidades didácticas se partirá dos coñecementos e experiencias previas do alumno. Ó comezo do curso realizarase unha avaliación inicial que determine o nivel de partida, desta forma, os conceptos que o alumno xa posúe sobre a realidade iranse completando e transformando coa información nova.

- Na área de educación plástica e visual un dos principais obxectivos é participar de forma activa no proceso de socialización do alumno..

Todos estes novos contidos e destrezas que o alumno foi adquirindo permitiránlle desenrolar a súa personalidade e integrarse na sociedade. A este mencionado proceso de "socialización" do alumno contribúese a través, entre outros, dos seguintes aspectos (que serán desenrolados nos seguintes apartados): A proposición de formulacións que fomenten o desenrolo do pensamento diverxente, o traballo en grupo, a creación dun clima aberto que se preste á busca e expresión de solucións creativas, a eliminación de estereotipos e actitudes discriminatorias na expresión visual e a demostración da dimensión práctica dos coñecementos adquiridos.

- É fundamental a proposición de formulacións que fomenten o pensamento diverxente.

Este tipo de propostas permite solucións do máis variado, todas elas igualmente válidas, conseguindo así un fomento da creatividade na busca da expresión persoal. Por outra banda, se consegue que o alumno comprenda e respecte outras formas de expresión diferentes á propia e que vexa que precisamente, nesta variedade é no que reside a riqueza da solución encontrada.

Intentaranse definir unha serie de propostas que o alumno poda resolver por si mesmo a través do "descubrimento", que non resulten excesivamente complexas nin meramente repetitivas, solo de esta forma pódese conseguir a adquisición dunha aprendizaxe significativa e o desenrolo da creatividade.

- Tratarase de detectar e eliminar calquera tipo de discriminación referida a calquera aspecto individual o social na aula. Rexeitarase calquera tipo de comportamento discriminatorio e estereotipado e tratarase de detectar estes nas mensaxes visuais propostas facendo unha lectura crítica dos mesmos co fin de superalos e na busca dunha expresión persoal o máis libre e orixinal posíbel.

- profesor haberá de ter sempre presente o principio de individualidade da ensino.

Nunca ha de esquecerse deste aspecto que no ensino resulta fundamental e haberá de lembrar que se educa a persoas concretas, en circunstancias concretas e nun determinado contexto, de modo que, as propostas e o traballo haberá de adaptarse, no posible, ás características dos alumnos e do entorno no que se traballe.

- Na aula haberá de crearse un ambiente aberto que parta do principio de flexibilidade.

O ambiente de traballo haberá de ser distendido e aberto, para que o alumno aporte solucións creativas terá que sentirse

cómodo na aula. A postura do profesor haberá de ser flexible e así mesmo, a relación do alumno cos seus compañeiros nun clima de respecto mutuo que se fomentará coa colaboración entre alumnos e co traballo en grupo nalgunha das propostas.

- Procurarase que o alumno coñeza a dimensión práctica dos coñecementos adquiridos.

As actividades estarán deseñadas de maneira que o alumno vincule os coñecementos adquiridos ó medio e comprenda a utilidade dos mesmos.

- O profesor terá sempre presente a motivación do alumno como aspecto fundamental.

Xa que inserir ó alumno no proceso de ensino e aprendizaxe e quizais, o aspecto máis difícil da labor docente. Para conseguirlo haberá de ter en conta todas as consideracións anteriores e facer na medida do posíbel, que o alumno decida aspectos e opine sobre o seu proceso de ensino e aprendizaxe.

- Tratarase de evitar, en todo momento, levar a cabo un proceso de ensino compartimentado.

Polo que o departamento de artes plásticas tratará de colaborar con outros departamentos no deseño de actividades conxuntas e na distribución, o máis axeitada posíbel, dos conceptos a impartir que comparta cos outros departamentos.

- O fomento de la creatividade.

E unha das principais labores da área de Educación plástica e visual e conseguirase seguindo os principios anteriormente cita dos.

Os principios metodolóxicos enumerados toman forma a través dos seguintes modelos: A METODOLOXÍA XERAL ao longo do ano constará, en cada unidade didáctica, de os seguintes Modelos metodolóxicos:

1. Estratexias expositivas; : Realizarase unha exposición dos conceptos que irá acompañada en todo momento de exemplos gráficos visualizados polo alumno a través de medios proporcionados polo profesor ou buscados e recompilados polos propios alumnos. Se partirá dos coñecementos do alumno para o deseño de cada unidade, permitindo a intervención do alumno de forma ordenada, non solo para a exposición das súas dúbidas seno tamén para compartir cos seus compañeiros as súas experiencias sobre os temas tratados, para fomentar a existencia dun ambiente aberto que fomente la creatividade. Explicación da unidade correspondente.

2. Estratexias de indagación: Cada unidade irá acompañada da proposta de traballos, de extensión variable. A maior parte das actividades prácticas propostas realizaranse na aula co fin de que o alumno poda contar coa axuda do profesor cando o requira e para facilitar o seguimento do alumno por parte do profesor e poder así valorar así o seu esforzo. Os traballos propostos de entrega obrigatoria realizaranse nas horas de clase de EPV. Partirase sempre dunha fase de investigación, na cal @alumn@ indagará sobre as posibilidades da actividade, buscando información, materiais, realizando bocetos, análises, croquis... hasta chegar ó resultado final. Nalgunhas ocasións mandarase @alumn@, que realice en casa fora do horario lectivo, a procura da información correspondente o traballo que se vai a realizar, para así, ter máis tempo para as propostas prácticas. No caso de enviar traballos ou láminas para facer na casa, estos terán que ser entregados no prazo que marcará a profesora, no caso de recollerse fora do prazo, a cualificación sufrirá as reducións indicadas no apartado correspondente desta programación. Calquera traballo dos realizados na clase pode repetirse dentro do mesmo trimestre para subir nota.

3. Traballo por tarefas. Presentación de traballos. Proporase sempre unha data de entrega de traballos. @alumn@ entregará os traballos ó profesor que os revisará, analizará, e avaliará vendo se cumpren os obxectivos marcados. As actividades serán variadas e abertas para que non exista unha resposta única, senón que dean lugar a múltiples respostas. Tentarán ser actividades motivadoras que esperten o interese d@salumn@ por realizar traballos que supoñan un novo aprendizaxe, dependendo dos distintos niveis. Empregarase unha serie de actividades de diferentes tipos para axudar a desenvolver as capacidades dos alumnos, ao mesmo tempo que serven de apoio para afianzar os coñecemento propios de cada unidade didáctica.

A. Actividades de observación: que potencien o desexo de rexistrar correctamente as experiencias sensoriais.

B. Actividades de interpretación: do que ven, a partir da linguaxe visual e dos seus elementos.

C. Actividades de apreciación: das diferentes maneiras de expresarse do individuo.

D. Actividades de autoexpresión: nas que o alumno poida representar as súas interpretacións persoais, froito dos seus pensamentos, ideas, sentimentos, emocións

E. Actividades de autoaprendizaxe: a partir da experimentación con distintos materiais, técnicas, soportes, modos de expresión... Este curso o uso de diferentes materiais quedará moi limitado polo feito de non poder compartir materiais polo risco de contaxio.

4. Arquivo de traballos: @salumn@s irán arquivando os seus traballos nas súas carpetas persoais. Traerán dita carpeta e o seu

material propio todos os días á aula e volverán a levala ao remate da mesma.

-Dinámica de grupos: moi importante para o desenvolvemento dos alumnos. Deberá evitarse a competitividade entre os alumnos, valorándose a expresión e a creación sen establecer comparacións, de maneira que se potencia a multiplicidade de respostas ante unha mesma proposta.

- Papel da profesora: a profesora favorecerá na medida do posible, un clima de interese e participación cara á materia, propiciando o intercambio de ideas e opinións e colaborando no seguimento das actividades, na súa avaliación e no progreso dos alumnos.

Co fin de adaptarmos á situación covid 19 a organización de traballo na aula será a seguinte:

Tendo en conta que aínda non podemos dar terminada a situación especial xerada pola pandemia sanitaria causada pola covid-19, é necesario planificar medidas de adaptación á nova situación, unha situación moito menos complicada que en cursos anteriores pero na que aínda son necesarias precaucións básicas e unha planificación por si a situación empeora. As medidas planificadas polo departamento son as seguintes:

Para o ensino presencial:

-Na aulas utilizadas para impartir as materias adscritas ao departamento as mesas estarán colocadas cunha separación entre elas de 1'20 cm de separación.

-O alumnado sentará sempre no mesmo sitio a non ser que a profesora o mande cambiar de lugar.

-A aula permanecerá ventilada o maior tempo posible, evitando na medida do posible o peche de portas e ventás.

_ Os alumnos levarán en todo momento postas as mascarillas mentres permanezan no centro e gardarán a distancia de seguridade nos traslados desde a aula de referencia ata a aula na que se imparta a materia.

4.2 Concrecións metodolóxicas para o ensino telemático

Concrecións metodolóxicas para o ensino telemático

Neste caso a programación da materia seguiría a mesma temporalización, obxectivos, estándares de aprendizaxe e contidos.

Variará a METODOLOXÍA:

No caso da suspensión total ou parcial das clases presenciais o departamento de debuxo ten previstas para a materia que nos ocupa, unha serie de adaptacións metodolóxicas que resumimos a continuación:

Utilización da plataforma E-dixgal **O presente curso, terceiro da ESO forma parte do E-Dixgal, que fomentará a utilización do ordenador portátil e das ferramentas e contidos dixitais. Esta innovación fará necesaria a formación das profesoras do departamento en sesións organizadas polo centro é, loxicamente, cambiará a dinámica de traballo e de xeito radical, os materiais. Da forma na que esta incorporación cambiará a nosas rutinas de traballo quedará constancia na memoria final do curso.**

A plataforma de traballo que proporciona E-dixgal resulta idónea para traballar no caso de que o ensino teña que ser non presencial nalgún momento do curso. Subiranse os contidos de cada tema e as actividades do mesmo. As unidades didácticas irán acompañadas sempre dunha proposta de traballo persoal que incluírá exercicios prácticos nos que se abordarán os contidos fundamentais do tema. Este material colgarase periodicamente coa correspondente data de entrega da tarefa (Para explicar os contidos pódense utilizar vídeos, apuntamentos, páxinas web...).

- Organizar un novo horario de clases telemáticas que se impartirían coa ferramenta de videoconferencias cisco webex (para a explicación dos temas de debuxo técnico, a profesora necesitará unha cámara que permita conectarse cos alumnos e que estes vexan as explicacións). O sistema habitual de comunicación co alumnado será o correo electrónico da clase e a videoconferencia a través da plataforma Cisco Webex (se a plataforma non funciona correctamente, poderíamos utilizar outra que deese solución ao problema). A comunicación coas familias farémola a través do titor/a do grupo e, de ser necesario, poríamonos en contacto coa nai/pai do alumno/a mediante unha chamada telefónica. Na medida do posible,

dividiremos as sesións telemáticas en grupos pequenos para favorecer a comunicación por este medio. Nestas clases, ademais de impartir e repasar contidos poderanse plantexar dúbidas e realizar actividades de avaliación entre as que se contemplan exames orais e/ou escritos. En principio, con una ou dúas sesións semanais de clase on line sería suficiente para a materia xa que moito é traballo do alumno. O resto das sesións poderían ser de seguimento do traballo do alumno.

-Aconsellamos aos alumnos ter sempre na casa material necesario para facer os traballos por se chegase a situación do confinamento de novo. Co fin de poder ir facendo os traballos na casa ata que cambie a situación, igual para a situación de ensino semipresencial

-Os alumnos enviarán a tarefa a través da aula virtual, usando o curso correspondente.

-Fixarase a data de entrega das tarefas non recollendo ningunha tarefa fora dos prazos establecidos.

-Se fixésemos exames, as datas poranse con antelación suficiente e por pequenos grupos.

-Para a utilización da aula virtual, en caso de confinamento, seguiranse as seguintes condutas,

Condutas esperadas:

-Presentar as tarefas en tempo e forma.

-Comunicarse co profesorado para poder establecer un seguimento.

-Seguir as instrucións do profesorado e participar nas actividades propostas.

-Ser respectuosos/as e amables con todos os/as participantes.

Condutas a evitar:

-Facer uso da imaxe de outra persoa sen o seu consentimento.

-Permitir que calquera persoa aldea ao entorno de clase interveña nas actividades programadas.

-Compartir datos persoais sen a autorización do profesorado ou dos titores/as legais do alumno/a.

-Desobedecer as indicacións do profesorado. -Levar a cabo actos de incorrección ou desconsideración que perturben o normal discurrir das actividades académicas.

-Non identificarse durante as clases virtuais.

Reglas de participación para as clases virtuais:

-O ingreso as salas virtuais a través da plataforma CISCO WEBEX, deberá ser mediante invitación do/da docente que imparte a asignatura mediante correo electrónico ou WhatsApp.

-É obriga do estudante conectarse con anticipación ao horario de clases indicado (mínimo de 5 minutos). -

-Os e as estudantes deben silenciar o micrófono da súa computadora ou teléfono móbil durante o desenvolvemento da clase virtual e activalo solo cando necesite realizar unha consulta ou o/a profesor/a llo solicita.

-Os/as estudantes deben estar identificados co seu nome e apelidos, e deben ser visualmente identificados.

-Está prohibido compartir o enlace ou clave de ingreso á sala virtual a terceiros

-O único que pode enviar os enlaces das clases é o profesor/a da materia a impartir.

-As faltas disciplinarias na aula virtual poderán ser sancionadas de acordo co contemplado nas Normas de Organización e Funcionamento do centro.

-Durante a clase virtual non se permite inxerir alimentos, tomar almorzo, etc

Os CRITERIOS DE AVALIACIÓN que se aplicarán en caso de confinamento serán os mesmos que os aplicados na clase presencial.

4.3 Concrecións metodolóxicas para o ensino semipresencial

Concrecións metodolóxicas para o ensino semipresencial

O Suposto semipresencial: empregaríamos as aulas presenciais para a explicación puntual de contidos, aclaración de dúbidas e a realización de probase as telemáticas para o seguimento do traballo práctico do alumno. Manteríamos o correo electrónico e a aula

virtual como medio de comunicación habitual co alumno e tamén a plataforma da aula virtual para subir as unidades didácticas acompañadas das propostas de traballo persoal que incluírá exercicios prácticos nos que se abordarán fundamentalmente os contidos de carácter. Este material colgarase periodicamente na plataforma E-dixgal coa correspondente data de entrega da tarefa (colgaranse na aula virtual os contidos e as tarefas de cada tema. Para explicar os contidos pódense utilizar vídeos, apuntamentos, páxinas web...).

5. Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar

Materiais e recursos didácticos (para o ensino presencial, telemático e semipresencial)

Os materiais e recursos didácticos son un dos factores determinantes da práctica educativa, con todo, haberá de ter sempre en conta que a propia práctica educativa define o tipo de recursos e medios necesarios, non ó contrario. A selección dos materiais e recursos necesarios deberá axustarse ó contexto educativo, ás características do alumnado e os obxectivos que se haxan proposto.

Como xa vimos no apartado anterior o presente curso, terceiro da ESO forma parte do E-Dixgal, que fomentará a utilización do ordenador portátil e das ferramentas e contidos dixitais. Esta innovación fará necesaria a formación das profesoras do departamento en sesións organizadas polo centro é, loxicamente, cambiará a dinámica de traballo e de xeito radical, os materiais. Da forma na que esta incorporación cambiará a nosas rutinas de traballo quedará constancia na memoria final do curso.

Deixando a parte todo o referente ao E-Dixgal. (portátiles dos alumnos que permiten traballar con programas de edición de imaxes e acceso a material de traballo correspondente as diferentes unidades didácticas proporcionado polo profesor), os materiais utilizados son fundamentalmente de dos tipos: Material impreso e recursos variados necesarios para o desenvolvemento das unidades didácticas.

Para a selección do material impreso correcto foi tido en conta:

- seu grado de adaptación ó nivel do primeiro ciclo de secundaria na área de Educación Plástica e Visual.
- seu nivel de correspondencia cos obxectivos establecidos nesta programación.
 - A presenza dos tipos de contidos que se traballan
 - A secuencia de contidos correcta
 - A adecuación ós criterios de avaliación establecidos
 - As actividades propostas por cumprir cos requisitos de aprendizaxe establecidos

Material didáctico

- Ilustracións, fotografías e vídeos e presentacións apoiando as explicacións teóricas do profesor, utilizando para proxectalas o canón instalado na aula.
- Canón , pantalla de proxección e ordenador portátil.
- Ordenador de mesa cos programas necesarios instalados.
 - Cámara conectada ao canón da aula para seguir explicacións prácticas do profesor.
 - Manequín articulado
 - programas gratuitos de tratamento da imaxe instalados nas aulas de informática. (Gimp, Geogebra)
 - Scanner
 - Modelos de escayola para o debuxo do natural.
 - Material de consulta (monográficos de artistas ou de temas referentes as distintas materias adscritas ao departamento, libros de texto, publicacións ...)
 - Tórculo de gravado, tintas e Gubias.
 - Material para traballar o modelado: bases de modelado, barro, utensilios...
 - Pezas tridimensionais para favorecer a visión espacial do alumno (poliédros regulares, superficies de revolución, figuras...)
 - Escalímetros
 - Pizarra e tizas de cores
 - Fotocopias de exercicios que o alumno realizará e entregará ó profesor
 - Caballetas e tablas
 - 9 equipos informáticos
 - Impresora

- Ploter
- Pila de lavar con el material necesario (Jabón, papel de secado...)

Os seguintes materiais a utilizar polos alumnos:

Proporcionados polo departamento:

- Lapis de grafito
- Rotuladores
- Lapis de cores
- Temperase pinceis
- Acuarelas
- Pinceis de todos os tamaños
- Pasteis
- Cartolinas de cores
- Ceras duras
- Botes e elementos de limpeza do material
- Láminas DIN A4 e DIN A3 de debuxo artístico
- Láminas DIN A4 de debuxo técnico.
- Tesoiras, cola, silicona
- Pistolas de silicona
- Papel variado (traslúcido, decorado, folios cores...)
- Prensa, revistas e materiais de desperdicio
- Gomas de borrar...

Material que debe traer o alumno:

- Carpetas para apuntes e láminas
- Escuadras e cartabóns
- Compás
- Lapis duros e portaminas.
- Lapis brando
- Goma

A recompilación anterior facía referencia ao material do que dispoñía o departamento na aula de plástica, a distribución de material antes do COVID, actualmente, desenrolamos a nosa actividade en aulas normais (non temos acceso ao material da aula) de tódolos xeitos, tampouco a situación sanitaria permite o uso de material compartido (salvo excepcións puntuais). Todo o listado anterior quedaría reducido ao seguinte:

Material para uso do profesor:

- Ordenador de mesa
 - Cámara conectada ao canón da aula para seguir explicacións prácticas do profesor.
 - Canón para as explicacións teóricas.

Material que debe traer o alumno: O habitual máis: Lapis de cores ou témperas ou pasteis, pinceis, rotuladores, recipientes, tesoiras, pegamento... (Cada un traerá o material do que dispoña para poder facer as actividades propostas.) Debe traelo cada día (xa que non poden deixar material ningún no centro). Isto supón moitas limitacións, non só polo feito de non poder usar técnicas húmidas (ao non ter nin lavabo nin soporte para secar os traballos) senón por non poder pedir aos alumnos que merquen o material que o departamento proporcionaba. Polo tanto, as actividades sufriran modificacións en técnicas, moitas veces non poderemos utilizar as técnicas ideais para levar ao cabo determinados aprendizaxes. Teremos polo tanto que modificalas para adaptarmos á nova situación.

Para o ensino telemático: Aconsellamos aos alumnos ter sempre na casa material necesario para facer os traballos por se chegase a situación do confinamento de novo. Co fin de poder ir facendo os traballos na casa ata que cambie a situación, igual para a situación de ensino **semipresencial**.

Tanto para unha e outra modalidade, a profesora e os alumnos terán que contar con material informático particular para o seguimento

das clases on line (agás excepcións). O material proporcionado polo centro ao pertencer ao E-dixgal é unha ferramenta de gran utilidade no caso de ter que interrompir o ensino presencial seguir nalgún momento do curso.

Para a explicación dos temas de debuxo técnico o departamento dispón dunha cámara que permite conectarse cos alumnos e que estes vexan as explicacións.

6. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción

6.1 Criterios de avaliación

Avaliacións parciais

Criterios utilizados para avaliar ao alumno:

Bloque 1. Expresión plástica

- B1.1. Realizar composicións creativas, individuais e en grupo, que evidencien as capacidades expresivas da linguaxe plástica e visual, desenvolvendo a creatividade e expresándoa preferentemente coa subxectividade da súa linguaxe persoal ou empregando os códigos, a terminoloxía e os procedementos da linguaxe visual e plástica, co fin de enriquecer as súas posibilidades de comunicación.
- B1.2. Realizar obras plásticas experimentando e utilizando diferentes soportes e técnicas, tanto analóxicas coma dixitais, valorando o esforzo de superación que supón o proceso creativo.
- B1.3. Elixir os materiais e as técnicas máis axeitadas para elaborar unha composición sobre a base duns obxectivos prefixados e da autoavaliación continua do proceso de realización.
- B1.4. Realizar proxectos plásticos que comporten unha organización de forma cooperativa, valorando o traballo en equipo coma fonte de riqueza na creación artística.
- B1.5. Recoñecer en obras de arte a utilización de elementos e técnicas de expresión, apreciar os estilos artísticos, valorar o patrimonio artístico e cultural como un medio de comunicación e satisfacción individual e colectiva, e contribuír á súa conservación a través do respecto e divulgación das obras de arte.

Bloque 3. Debuxo técnico

- B2.1. Analizar a configuración de deseños realizados con formas xeométricas planas, creando composicións onde interveñan diversos trazados xeométricos, utilizando con precisión e limpeza os materiais de debuxo técnico.
- B2.2. Diferenciar e utilizar os sistemas de representación gráfica, recoñecendo a utilidade do debuxo de representación obxectiva no ámbito das artes, a arquitectura, o deseño e a enxeñaría.
- B2.3. Utilizar programas de debuxo por computador para construír trazados xeométricos e pezas sinxelas nos sistemas de representación.

Bloque 3. Fundamentos do deseño

- B3.1. Percibir e interpretar criticamente as imaxes e as formas do seu ámbito cultural, con sensibilidade cara ás súas calidades plásticas, estéticas e funcionais, e apreciando o proceso de creación artística, en obras propias e alleas, e distinguir e valorar as súas fases.
- B3.2. Identificar os elementos que forman a estrutura da linguaxe do deseño.
- B3.3. Realizar composicións creativas que evidencien as calidades técnicas e expresivas da linguaxe do deseño adaptándoas ás áreas, e valorando o

traballo en equipo para a creación de ideas orixinais.

Bloque 4. Linguaxe audiovisual e multimedia

- B4.1. Identificar os elementos que forman a estrutura narrativa e expresiva básica da linguaxe audiovisual e multimedia, e describir correctamente os pasos necesarios para a produción dunha mensaxe audiovisual, e valorando o labor de equipo.
- B4.2. Recoñecer os elementos que integran as linguaxes audiovisuais e as súas finalidades
- B4.3. Realizar composicións creativas a partir de códigos utilizados en cada linguaxe audiovisual, amosando interese polos avances tecnolóxicos vinculados a estas linguaxes.
- B4.4. Aposar unha actitude crítica ante as necesidades de consumo creadas pola publicidade, rexeitando os elementos desta que supoñan discriminación sexual, social ou racial.

A avaliación levarase a cabo tendo en conta os obxectivos educativos e os criterios de avaliación, especificados nos estándares indicados nos cuarto punto da programación.

Ao inicio do curso realizarase unha **avaliación inicial** dos coñecementos e experiencias previas dos alumnos e alumnas, mediante unha proba inicial de trazados básicos. Esta avaliación servirá como punto de partida e referencia das aprendizaxes de cada un dos alumnos. Neste punto gustaríanos sinalar que a xeración de nenos que conforma este ano terceiro curso da ESO foi a que sufriu a suspensión do ensino presencial como causa da pandemia xerada polo covid-19 durante o curso 2019-20, e que soamente un tercio destes alumnos (que neste curso estaban en primeiro da ESO) realizou as actividades que foron deseñadas como adaptación á situación. A este feito temos que sumarlle a falta de continuidade que o currículo base xera ao non ter a materia en segundo curso da ESO. Analizando as circunstancias, sospeitamos que os alumnos poden ter certas dificultades xeradas polo anteriormente descrito. Dificultades coas que contamos e tentaremos solventar á hora de deseñar as actividades e de definir o ritmo do proceso de aprendizaxe.

Ademais da avaliación inicial, ao longo do curso realizarase unha **avaliación formativa, continua e integradora** que permita coñecer, de forma inmediata, os fallos ou erros de aprendizaxe, para corrixilos.

Os procedementos que se van utilizar para avaliar son tres:

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A) OBSERVACIÓN E REXISTRO SISTEMÁTICO." O "

Entendemos que pode ser un procedemento de grande utilidade nesta materia. o instrumento que nos axuda a recoller a información e poder utilizala é a ficha do profesor

Con este procedemento avaliaranse os seguintes aspectos:

- * Capacidade de traballo: avaliarase o esforzo e a dedicación posta na realización das actividades na clase. Valorarase a actitude de interese, aproveitamento do tempo dispoñible e variedade de producións.
- * Traballo en equipo: avaliarase a capacidade de adaptación a un grupo de traballo, evitando personalismos e responsabilizándose das tarefas propias. Valorarase a actitude de flexibilidade e responsabilidade na consecución do traballo encomendado ao grupo.
- * Actitude xeral: avaliarase a capacidade de relación co resto de individuos do grupo e a súa actitude coa materia. Valorarase a corrección nas formas e respecto ás normas da aula. Ditas normas se darán a coñecer ao alumno, así como os aspectos que o profesor recollerá na ficha de cada un deles.

Estes indicadores son unha referencia básica para cualificar as actividades realizadas polos alumnos e o profesor utilizará os rexistros da ficha do alumno para determinar o nivel de adquisición dos estándares.

Co fin de levar rexistro dos aspectos anteriormente citados, na ficha do profesor, nos ocios do calendario, o profesor anotará do seguinte

xeito:

1. E. Indicando así a expulsión do alumno da aula
2. M. Indicando así que ese día en concreto o alumno non trouxo o material necesario para o desenvolvemento da clase.
3. F. Falta de asistencia
4. C. Mal comportamento (o alumno interrompe continuamente a marcha normal da clase ou actitude inadecuada e reiterada no tempo tanto respecto ao profesor ou na relación cos compañeiros).
 1. R. Cando o traballo é repetido (se o alumno repite o traballo máis dunha vez RR, RRR...)
 2. T. Cando o traballo está entregado fora de tempo (polo reverso da ficha o profesor deberá explicar se dito retraso tivo repercusión na nota)
 3. *. Sempre que o profesor teña que facer un comentario respecto dun traballo en concreto, o asterisco indica que dito comentario está no reverso da ficha

A) TRABALLO persoal: "TP"

En cada unidade didáctica o alumno terá que facer unha serie de traballos que indicarán o nivel de adquisición dos procedementos e contidos impartidos na mesma.

Cada actividade poderá obter unha cualificación máxima de 10 puntos. Se o alumno desexa mellorar a cualificación poderá repetir a actividade pola súa conta. Considerarase como válida a nota máis alta das obtidas. Valorarase, de forma significativa, a entrega das actividades nos prazos e datas previstos. No caso de entregar o traballo fora do prazo:

- Se o traballo é entregado na mesma semana pero non o día de entrega será cualificado sobre 7 puntos.
- Fora da semana de entrega pero dentro da avaliación será cualificado sobre 5 puntos.

A media de todas as actividades realizadas nunha avaliación será a cualificación correspondente ao traballo persoal (6 puntos da nota de avaliación). No caso de que unha das actividades sexa de máis envergadura e conte máis para a media, o profesor avisará ao formular a proposta de traballo.

Se o alumno obtén unha cualificación negativa nunha avaliación por non ter entregado traballos ou por ter obtido unha cualificación non positiva neles, ten a posibilidade de entregalos para recuperar a materia na seguinte avaliación. A cualificación será sobre 10 puntos se é unha repetición do traballo. Se o traballo é entregado por primeira vez, a cualificación será sobre 5 puntos excepto que exista unha causa que o profesor considere de peso para entregar o traballo fora de prazo.

O alumno pode repetir os traballos ou actividades as veces que desexe, sempre se terá en conta para realizar a nota media, a cualificación máxima obtida.

Se falta por entregar un traballo, faise a nota media, sendo a cualificación de dito traballo de 0 puntos. Se falta máis dun traballo por entregar, a cualificación en dita avaliación será de insuficiente.

C) PROBAS ESPECÍFICAS. "PE"

Utilizaranse naqueles casos que axuden a valorar a adquisición de certa clase de contidos.

Realizarase un mínimo dunha proba por avaliación. Será necesario obter 4 puntos como cualificación mínima para facer a media (salvo que a profesora considere que pode facer a media con menos cualificación como medida de adaptación a situacións especiais). Se a proba obtén unha cualificación negativa, o alumno poderá facer un exame de recuperación. A proba de recuperación poderá ser na mesma avaliación ou na seguinte se non fose posible facelo na mesma por falta de tempo, agás na terceira, na que a recuperación formará parte do exame final de maio (o alumno solo terá que contestar as preguntas correspondentes a terceira avaliación se ten o resto do curso aprobado).

Ao final do curso realizarase unha **avaliación sumativa** que integre os datos proporcionados pola avaliación inicial e a avaliación continua e que permita unha valoración global do progreso realizado polo alumno na consecución das capacidades sinaladas nos obxectivos xerais do ciclo e os específicos de cada un dos cursos.

Aqueles alumnos ou alumnas que non superen a materia cada trimestre, poderán recuperar a nunha proba fina que se realiza no mes de Maio. A proba final de Maio serve para que o alumno teña unha nova oportunidade de recuperar a materia pendente. A proba estará estruturada de tal forma que permita ao alumno realizar a parte que corresponda á parte da materia que ten pendente. Poderá examinarse: De estándares pendentes de só unha avaliación, de dous ou das tres (segundo o caso).

A proba final estará deseñada de acordo aos obxectivos e tratando de determinar se o alumno domina os mínimos fixados a través dos estándares básicos de cada avaliación.

Os alumnos que se presenten á proba de maio deberán ter feitos os traballos que o profesor lle indique como "básicos", que serán aqueles traballos cos que se traballaron durante o curso estándares básicos de carácter práctico que non se poden abordar de xeito teórico. No caso de non ter feitos estes traballos ao longo do curso deberán presentalos para presentarse á proba.

A cualificación obtida respecta a proporción fixada para o curso (60% traballo persoal e contidos actitudinais e 40% proba final).

Avaliación extraordinaria

No caso de que a cualificación obtida polo alumno en maio sexa de suspenso existe a posibilidade de recuperar a materia na convocatoria de xuño. Tendo en conta que as clases rematan a finais de xuño, temos alumnos coa materia suspensa asistindo a clase durante o mes de xuño. O profesor aproveitará este tempo para facer actividades e explicacións de reforzo para que poidan realizar os traballos básicos (os necesarios para aprobar) e a proba final con éxito.

No caso de que o alumno chegue a esta convocatoria será avaliado do seguinte modo:

O alumno realizará unha proba na que se reflectirá si ha adquirido os mínimos. Esta proba terá como referencia na súa creación os mínimos fixados nos estándares básicos de cada avaliación.

Ademais de dita proba, os alumnos deberán presentar os traballos que o profesor lle indique como "básicos", que serán aqueles traballos cos que se valoraron durante o curso estándares básicos de carácter práctico que non se poden abordar de xeito teórico. O xeito de calcular a cualificación obtida será a seguinte : 50% parte práctica + 50% proba realizada, sendo necesario obter un mínimo de 4 puntos na proba e ter entregadas (cualificadas positivamente un 90%) as actividades definidas polo profesor como "básicas" para realizar a nota media.

(O alumno só deberá realizar aquelas actividades que, estando establecidas como mínimas para a convocatoria final de maio, no tivera feito durante o curso, mantendo a nota das feitas e tendo que volver a facer para entregar en xuño, só as que non entregou e as cualificadas negativamente).

No caso de que o alumno non demostre a adquisición dos mínimos e obteña novamente a cualificación de Suspenso na avaliación extraordinaria de xuño ten máis oportunidades de recuperar a materia na convocatoria de pendentes .

6.2 Criterios de cualificación

Criterios de cualificación

Especificados con claridade no punto 4 da programación.

APLICACIÓN DOS ESTÁNDARES E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DO ALUMNO

**Probas
40%**

- As preguntas do exame estarán deseñadas tendo como referencia os estándares das unidades a cualificar .
- Da proba obtemos o nivel de adquisición de cada estándar traballado aplicando os criterios recollidos na táboa de "Escala de valoración do estándares".
- Será necesario obter 4 puntos como cualificación mínima para facer a media (tanto en traballos coma nas probas).

Traballos debuxo
Técnico

- As láminas valorarán o estándar ou estándares sinalados na unidade como TP (traballo persoal)
- Para a cualificación de cada estándar teranse en conta os aspectos recollidos na táboa anterior

<p>Traballos prácticos 60%</p> <p>(No caso de non realizar proba escrita nunha determinada unidade didáctica o 100% da nota corresponde á parte de TP)</p>	<p>Traballos comunicación audiovisual</p>	<p>“de “Escala de valoración do estándares”.</p> <ul style="list-style-type: none"> Os traballos do bloque audiovisual serán cualificados utilizando estándares sinalados como TP da unidade correspondente. Cada proxecto plantexado traballará varios estándares, todos eles sinalaranse na rúbrica de corrección do traballo Cando o profesor propoña un traballo máis complexo ou laborioso, este poderá contar o dobre (incluso o triple se fose necesario) que o resto dos traballos propostos. Se así fose, o profesor deberá explicar os cambios na cualificación ao alumno ao propoñer o traballo. Para a cualificación de cada estándar teranse en conta os aspectos recollidos na táboa anterior de “Escala de valoración do estándares”.
	<p>Traballos Expresión plástica</p>	<ul style="list-style-type: none"> Os traballos do bloque “expresión plástica” serán cualificados utilizando estándares da unidade correspondente. Cada proxecto plantexado traballará varios estándares, todos eles sinalaranse na rúbrica de corrección do traballo Cando o profesor propoña un traballo máis complexo ou laborioso, este poderá contar o dobre (incluso o triple se fose necesario) que o resto dos traballos propostos. Se así fose, o profesor deberá explicar os cambios na cualificación ao alumno ao propoñer o traballo. Para a cualificación de cada estándar teranse en conta os aspectos recollidos na táboa anterior de “Escala de valoración do estándares”.
<p>Actitude ante o traballo</p>	<p>Sempre que aparezan na programación as siglas do traballo persoal TP entenderemos que existe a observación de dito proceso de traballo por parte do profesor correspondente para poder valorar ao completo dito traballo. Para facelo, utilizará as súas anotacións sobre a actitude mostrada polo alumno durante o proceso e aplicará os parámetros da táboa: NIVEIS DE ADQUISICIÓN DOS ESTÁNDARES DA UNIDADE- Estándares indicativos da actitude do alumno para cualificalo.</p>	

Aclaracións:

Modo de cualificación de traballos para aplicar os estándares:

O profesor utilizará unha rúbrica para a corrección de cada traballo proposto de comunicación audiovisual e de expresión plástica. En dita rúbrica anotará os estándares traballados e a puntuación que corresponde a cada un de eles. A nota do traballo configúrase respectando o valor asignado a cada estándar na unidade. No caso de que a cualificación sexa negativa en algún dos estándares considerados como básicos, o alumno terá que recuperar o traballo.

Os estándares básicos se distinguen por ter unha cor máis escura nas táboas da unidade didáctica correspondinte e unha porcentaxe igual ou superior ao 20%.

Recompilación dos criterios de cualificación que o alumno debe coñecer :

- Necesaria a entrega de todos os traballos e actividades propostos para ser cualificado positivamente. Se falta por entregar un traballo, a nota media faise contando coa cualificación de dito traballo (0 puntos). Se falta máis dun traballo por entregar, a cualificación en dita avaliación será de insuficiente.
- Se o alumno obtén unha cualificación negativa nunha avaliación por non ter entregado traballos ou por ter obtido unha cualificación non positiva neles, ten a posibilidade de entregalos para recuperar a materia na seguinte avaliación. A cualificación será sobre 10 puntos se é unha repetición do traballo. Se o traballo é entregado por primeira vez, a cualificación será sobre 5 puntos excepto que o exista unha causa que o profesor considere de peso para entregar o traballo fora de prazo.
- O alumno pode repetir os traballos ou actividades as veces que desexe, se terá en conta para realizar a nota media, a cualificación máxima obtida.
- Será necesario obter 4 puntos como cualificación mínima para facer a media (tanto en traballos coma nas probas).
- As proporcións para calcular a nota media en cada avaliación serán: Contidos procedimentais (traballo persoal) 60% da puntuación total (esta cualificación recolle tamén os contidos actitudinais). O 40% restante será a nota media das

- probas realizadas.
6. Se a proba específica obtén unha cualificación negativa, o alumno poderá facer un exame de recuperación na seguinte avaliación, agás na terceira, na que a recuperación formará parte do exame final de maio (o alumno solo terá que contestar as preguntas correspondentes a terceira avaliación se ten o resto do curso aprobado).
 7. Valorarase, de forma significativa, a entrega das actividades nos prazos e datas previstos. No caso de entregar o traballo fora do prazo:
 - Se o traballo é entregado na mesma semana pero non o día de entrega será cualificado sobre 7 puntos.
 8. Fora da semana de entrega pero dentro da avaliación será cualificado sobre 5 puntos.
 9. A actitude mostrada polo alumno durante a realización dos traballos propostos será parte importante da cualificación obtida no seu traballo persoal segundo a seguinte táboa.

NIVELES DE ADQUISICIÓN DOS ESTÁNDARES DA UNIDADE - Estándares indicativos da actitude do alumno

Aceptable <i>(Desconto opcional de ata o 15% da nota obtida)</i>	Inaceptable <i>(Desconto dun 15% au 50% do valor asignado ao traballo)</i>	Excelente <i>(90% o 100% do valor asignado ao estándar)</i>
Os rexistros recompilados da ficha do profesor amosan que o seu comportamento é aceptable aínda que o alumno non está implicado no traballo nin aproveita ao 100% o tempo de traballo en clase.	O desconto na nota terá como referencia os rexistros do profesor sobre a actitude mostrada polo alumno durante a realización do traballo. Só descontaremos máis do 15% da cualificación obtida se os rexistros indican que a actitude do alumno é un problema para o desenrolo do seu proceso de aprendizaxe e o de os seus compañeiros.	O alumno móstrase participativo e implicado en todo momento co seu traballo. Mostra unha actitude autónoma e responsable, respectando o traballo propio e alleo e Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades

Normas de entrega e realización de traballos

- Precisión na execución , uso das técnicas gráficas e manexo do material axeitado.
- Axustarse ao plantexado na actividade, adecuándose aos obxectivos da proposta.
- Creatividade e orixinalidade das creacións.
- Correcto acabado, limpeza, boa presentación e lexibilidade.
- As láminas débense executar na aula coa supervisión e seguemento do profesor
- Entregar os traballos nos prazos establecidos
- Necesidade de gardar tódolos traballos realizados no curso, custodialos e telos a disposición do profesor para ser valorados.
- Traer os útiles e o material axeitados a cada actividade.

De acordo coa normativa, aplicaranse os procedementos previstos nas programacións didácticas para a avaliación continua de todo o alumnado. Casos particulares:

1. Cando un alumno falte de xeito xustificado a unha proba de avaliación, o profesor da materia determinará o procedemento e o momento para avaliar os estándares de aprendizaxe correspondentes á devandita proba, procurando sempre facilitar a reincorporación do alumno ao ritmo normal da clase. Noutras palabras, o profesor decidirá que procedemento de avaliación é o mellor para garantir a continuidade da avaliación do alumno: pódese avaliar ao alumno cunha proba semellante á que realizaron os seus compañeiros; pódese arbitrar un procedemento de avaliación distinto para os mesmos estándares ou ben pódese considerar máis axeitado unificar o contido da proba realizada co de outro instrumento de avaliación previsto para máis adiante.

2. Cando un alumno falte de xeito inxustificado a unha proba de avaliación, entenderase que renuncia a dar conta da súa competencia en relación cos estándares avaliados pola proba e, polo tanto, a cualificación da proba será a que corresponda a un exame en branco ou non presentado. Continuarase co proceso de avaliación segundo o establecido na Programación.

3. No caso de que un alumno falte durante unha temporada longa e perda varias probas de avaliación, o titor encargarse de co ordinar a temporalización destas probas coa xunta de avaliación, para evitar a coincidencia de moitas delas no mesmo día. O profesor informará ao alumno dos traballos que son imprescindibles por traballar estándares básicos e este terá que realizalos puntuando estes sobre 10 aínda que estean entregados fora de prazo (sempre que a causa das faltas de asistencia teña xustificación ou o profesor así o considere). Sempre existe a posibilidade dunha adaptación en metodoloxía, actividades...adaptando a forma de traballo ás circunstancias específicas do alumno, aínda se estas son transitorias.

4. No suposto de que, por falta de tempo (por unha incorporación tardía ao centro ou por unha ausencia longa), non sexa posible aplicar os criterios e procedementos previstos na programación, o profesor da materia aplicará o procedemento de avaliación extraordinario que teña determinado na programación didáctica para estes casos, co fin de que o alumno poda demostrar que acadou o grao suficiente de adquisición das competencias que superou os obxectivos previstos. Se a imposibilidade de aplicar a avaliación continua afecta a varias materias, o titor coordinará a temporalización destes procedementos de avaliación coa xunta de avaliación.

No caso do punto 4 o departamento de debuxo:

Co fin de facilitar o desenvolvemento das capacidades programadas nos obxectivos e facilitar a realización das probas, o departamento de debuxo proporcionará (aos alumnos que se encontren nunha situación como a descrita no punto 4) os exercicios deseñados para a convocatoria de pendentes. Exercicios cos que o alumno repasará os contidos e procedementos dos que vai ser avaliado. Os exercicios serán entregados ao departamento antes da data do exame para dar tempo a súa corrección e que o profesor poida aclarar erros e dúbidas ó alumno.

O profesor coordinará co alumno sesións de atención para que o alumno poida dominar a materia da que será examinado nas probas (sempre que as circunstancias do alumno o permitan)

A nota obtida polo alumno se obtén aplicando as seguintes porcentaxes:

Probas deseñada cos estándares básicos (unha por avaliación o proba final de xuño segundo decida o alumno) = 60%

Traballos realizados polo alumno (para preparar a proba) = 40%

Polo tanto, ante unha situación como a descrita no punto 4, as medidas de reforzo que o noso departamento propón para aqueles alumnos que non puideron coa materia pola vía ordinaria son:

- A redución aos estándares básicos
- O cambio nos criterios de cualificación
- Deseño de traballos preparatorios das probas e traballos prácticos cos que superar parte dos estándares básicos.
- Sesións de atención aos alumnos (sempre que as circunstancias do alumno o permitan)

Sempre existe a posibilidade dunha adaptación en metodoloxía, actividades...ou o que sexa necesario para adaptar a forma de traballo ás circunstancias específicas do alumno, aínda se estas son transitorias.

6.3 Criterios de promoción

Los establecidos por la lei para terceiro curso da ESO.

7. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

Indicadores de logro do proceso de ensino e da práctica docente		
ASPECTO QUE SE AVALÍA: PLANIFICACIÓN		
Indicadores	Valoración	Propostas de mellora
1. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.		
2. Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.		
3. Selecciona e secuencia de xeito progresivo os contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos.		
4. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.		
5. Planifica as clases de xeito flexible, preparando actividades e recursos axeitados á programación de aula e ás necesidades e os intereses do alumnado.		
6. Establece os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos.		
7. Coordínase co profesorado doutros departamentos que podan ter contidos afíns á súa disciplina.		
ASPECTO QUE SE AVALÍA: MOTIVACIÓN DO ALUMNADO		
Indicadores	Valoración	Propostas de mellora
1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade.		
2. Plantexa situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos...).		
3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais e ou coa súa funcionalidade.		
4. Informa sobre os progresos acadados e as dificultades atopadas.		
5. Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.		
6. Estimula a participación activa dos estudantes en clase.		
7. Promove a reflexión dos temas tratados.		
ASPECTO QUE SE AVALÍA: DESENVOLVEMENTO DO ENSINO		
Indicadores	Valoración	Propostas de mellora
1. Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas...		
2. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos...		
3. Ten predisposición para resolver dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.		
4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.		
5. Utiliza axuda audiovisual ou de outro tipo para apoiar os contidos na aula.		
6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.		
7. Desenvolve os contidos dun xeito ordenado e comprensible para os alumnos.		
8. Plantexa actividades que permitan acadar os estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.		
9. Plantexa actividades grupais e individuais.		
ASPECTO QUE SE AVALÍA: SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE		
Indicadores	Valoración	Propostas de mellora
1. Realiza a avaliación inicial a principio de curso para		

axustar a programación ao nivel dos estudantes.		
2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.		
3. Revisa, a cotío, os traballos propostos na aula e fóra dela.		
4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e o xeito de melloralas.		
5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e actividades dos alumnos e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.		
6. Utiliza criterios de avaliación abondo, que atenda de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos.		
7. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.		
8. Propón novas actividades que facilite a adquisición de obxectivos cando estes non teñan sido acadados suficientemente.		
9. Propón novas actividades de máis nivel cando os obxectivos teñan sido acadados con suficiencia.		
10. Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nivel dos estudantes, etc.		
11. Emplea diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e ás familias.		

8. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Se o alumno obtén unha cualificación negativa nas convocatorias de Maio e a extraordinaria de xuño, ten a posibilidade de recuperar a materia a través das convocatorias de pendentes.

Responsable de pendentes:

O departamento de debuxo asigna a un profesor que leve cada nivel de pendentes. Este profesor será o encargado de: proporcionar o material necesario para preparar a materia, supervisar a realización dos traballos, atender aos alumnos reservando unha porción horaria dentro da súa xornada semanal na que lle sexa posible atenderlos co fin de aclarar dúbidas e guiar o traballo, recoller e corrir os traballos e realizar e corrir as probas.

A xefa de departamento organizará reunións para consensuar a elaboración das actividades de pendentes; deixará constancia da súa elaboración nas actas de departamento correspondentes.

Traballos a realizar:

Co fin de facilitar o desenvolvemento das capacidades programadas nos obxectivos e facilitar a realización das probas o departamento de debuxo proporcionará ao alumno os exercicios deseñados para a convocatoria de pendentes. Exercicios nos que o alumno repasará os contidos e procedementos dos que vai ser avaliado. Ditos exercicios serán opcionais (o alumno poderá facelos ou non segundo decida. Se decide non facelos a nota será a obtida na o proba ou probas). Os exercicios serán entregados ao departamento antes da data do exame para dar tempo a súa corrección e que o profesor poida aclarar erros e dúbidas ó alumno. Se o alumno decide entregar os traballos a nota se obtén aplicando as seguintes porcentaxes:

- Probas deseñada cos estándares básicos = 50%
- Traballos realizados polo alumno = 50%

As porcentaxes mantense igual que na convocatoria extraordinaria de xuño, tendo en conta que: para realizar a media a cualificación mínima na proba será de 4 puntos e que o 90% dos traballos presentados terán que ter cualificación positiva e a nota media do conxunto destes non inferior a 4 puntos.

En canto as probas a realizar, o alumno ten dúas posibilidades:

1. Existe a posibilidade de recuperar a materia pendente mediante dúas probas. O centro fixará un calendario aproximado para a realización de ditas probas para facilitar ó alumno a recuperación da materia de forma compartimentada.

2. O alumno poderá recuperar a materia nunha proba final no mes de maio (no caso de realizar as probas por avaliacións e ter obtida cualificación de suspenso nas mesmas poderá igualmente presentarse á proba final de maio). Neste segundo caso a nota obtida será a media das dous probas.

A redución aos estándares básicos, o deseño de traballos preparatorios das probas e traballos prácticos cos que superar parte dos estándares básicos e as sesións de atención aos alumnos plantexamos como medidas de reforzo que o noso departamento propón para aqueles alumnos que non puideron coa materia pola vía ordinaria.

Como na proba final de xuño, as probas terán como referencia os estándares básicos definidos programación de referencia e serán corrixidas de acordo aos criterios de cualificación correspondentes.

Temos que ter en conta que a materia que nos ocupa é, ademais, una materia das denominadas “progresivas”, isto quere dicir que si o alumno tena materia de primeiro da ESO pendente e aproba a de terceiro, a de primeiro quedalle automaticamente aprobada (o mesmo ocorre con terceiro e cuarto) pero o alumno terá que recuperar a materia na convocatoria de pendentes cando o curso no que se atopa non conta coa materia de educación plástica, visual e audiovisual no currículo ou cando esta sexa optativa e o alumno non a escolia.

9. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados

Deseño da avaliación inicial

Recollido nos apartados 7.1 e 11 da programación.

Ao inicio do curso realizarase unha avaliación inicial dos coñecementos e experiencias previas dos alumnos e alumnas, mediante unha proba inicial de trazados básicos. Esta avaliación servirá como punto de partida e referencia das aprendizaxes de cada un dos alumnos. Neste punto gustaríanos sinalar que a xeración de nenos que conforma este ano terceiro curso da ESO foi a que sufriu a suspensión do ensino presencial como causa da pandemia xerada polo covid-19 durante o curso 2019-20, e que soamente un tercio destes alumnos (que nese curso estaban en primeiro da ESO) realizou as actividades que foron deseñadas como adaptación á situación. A este feito temos que sumarlle a falta de continuidade que o currículo base xera ao non ter a materia en segundo curso da ESO. Analizando as circunstancias, sospeitamos que os alumnos poden ter certas dificultades xeradas polo anteriormente descrito. Dificultades coas que contamos e tentaremos solventar á hora de deseñar as actividades e o ritmo do proceso de aprendizaxe.

Nas materias de continuidade realizarase unha proba de nivel para asegurar que o alumno ten o nivel necesario para cursar a materia.

Medidas individuais e colectivas

Recollido no apartado de : Medidas de atención á diversidade

10. Medidas de atención á diversidade

Medidas de atención á diversidade

En colaboración co departamento de orientación se procurará detectar os casos dos alumnos que precisen medidas de atención especiais e elaboraranse actividades ó seu nivel para conseguir que poidan avanzar na súa aprendizaxe, manteñan a motivación e reforcen a súa autoestima.

Unha das ferramentas para auxiliar na detección de alumnos con problemas é a avaliación inicial que, con carácter informativo, faise os alumnos de primeiro e segundo curso da ESO.

En función das características, do número de individuos que precisan atención, e da dispoñibilidade do centro (tanto persoal como

material) poden facerse agrupamentos específicos para tal fin.

En colaboración co departamento de orientación se procurará detectar os casos dos alumnos que precisen medidas de atención especial e elaboraranse actividades ó seu nivel para conseguir que poidan avanzar na súa aprendizaxe, manteñan a motivación e reforcen a súa autoestima.

Unha das ferramentas para auxiliar na detección de alumnos con problemas é a avaliación inicial que, con carácter informativo, faise aos alumnos da ESO.

Para atender á diversidade na aula o profesor haberá de ter en conta os seguintes aspectos:

- Características dos alumnos no referente a :
 - Ideas previas dos alumnos
 - Potencial do alumno ante o aprendizaxe
- Contexto psicocultural
- Contexto físicoambiental
- Estímulos e motivacións específicas

No desenvolvemento da práctica docente haberán de terse sempre presentes os principios básicos que conflúen na idea nuclear de que a educación é un proceso de construción no que, tanto o profesor como o alumno deben lograr a adquisición, pola parte do alumno, de aprendizaxes significativas. Para que isto sexa posíbel nunca se debe esquecer un dos principios básicos da educación : a "individualización", educase a persoas concretas, en contextos concretos e con características e capacidades propias. De maneira que, para dar resposta ás necesidades que se plantexen na aula a programación planificada nun primeiro momento haberá de adaptarse naqueles ámbitos que non alteren aspectos básicos do currículo, desta maneira, o proceso de ensino consegue dar resposta ás diferenzas existentes entre os alumnos modificando a metodoloxía, a secuenciación dos contidos, a forma de agrupamento na aula, as actividades etc....

Nesta liña están xa as primeiras adaptacións que debemos facer tras a información obtida da avaliación inicial. O departamento de orientación e os tutores informan neste primeiro acercamento dos problemas que poden xa detectar desde o arranque do curso (alumnos con TDH, problemas de concentración ou de interacción coa compañeiros...) poderemos xa realizar as primeiras adaptacións (no significativas ou significativas) a partir de esta primeira toma de contacto.

Por outro banda, non pode esquecerse a importancia da aplicación dos procedementos de avaliación que permitirá determinar tanto o grao de progreso acadado polo alumno como as dificultades que podan plantexarse e, desta forma, poderase axustar a intervención pedagóxica ás necesidades dos alumnos.

A natureza procedimental da materia que nos ocupa obriga a un seguimento continuo do traballo individual do alumno e permite detectar con maior facilidade tanto as deficiencias coma as características individuais e contemplar a diversidade dentro da aula .

Unha vez detectada a deficiencia ou o erro pode reconducirse a acción educativa en aqueles aspectos que non incumban aos básicos do currículo: Utilizando un tipo ou outro de actividades na proposta didáctica (actividades de desenvolvemento, de ampliación ou reforzo), adaptando a temporalización ou a distribución de contidos proposta, flexibilizando agrupamentos de acción específica etc... No caso de que o profesor durante a avaliación formativa ou durante a fase de rexistro (na que revisa tanto os apuntamentos do alumno como os exercicios e as láminas propostas) detectase unha dificultade aplicaráselle o alumno medidas de reforzo específicas. Ditas medidas de reforzo poden ser desde novas propostas de exercicios, cambios na metodoloxía ou explicacións máis específicas (tanto durante o horario da materia como en horario non correspondente á materia, sempre que isto sexa posible). No caso de que, aínda con medidas de reforzo, o alumno acade unha cualificación de non apto no exame de avaliación, existe a posibilidade de ir recuperando materia pendente ó longo do curso como xa se explicou no apartado anterior.

11. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda

Elementos transversais que se traballarán

TRATAMENTO DE FOMENTO DA LECTURA E COMPRENSIÓN LECTORA

A través das clases o profesor tratará de despertar a curiosidade e o interese do alumno polo mundo da arte e lle proporcionará a bibliografía suficiente para satisfacer dita curiosidade.

Formarán parte de dita bibliografía, por unha banda libros de consulta e ampliación sobre os coñecementos impartidos na materia e por outro lado, libros que o departamento considere oportunos e interesantes segundo as propostas de traballos que se fagan aos alumnos : tratados específicos; lecturas entretidas que falen do mundo da arte de xeito tanxencial pero que podan despertar certos interese no alumno; lecturas que permitan o coñecemento do contexto histórico de certos momentos artísticos que poden resultar imprescindibles co fin de comprendelos; biografías de artistas sobre os que se traballa na clase etc...

O departamento ten prevista a realización de traballos baseados na lectura de certos libros co fin de profundar nela e poder traballar sobre o feito de que os alumnos expresen ideas ou sentimentos a través de imaxes xeradas por se mesmos.

O fomento da lectura dende a materia que nos ocupa é relativamente sinxelo si se logra despertar nos alumnos o interese polo coñecemento e comprensión profunda dos artistas, as súas obras e o contexto que os xera.

Outra das formas de noso departamento de fomentar a lectura pasa por unha colaboración moi estreita coa biblioteca escolar. Durante o curso, o departamento de debuxo colabora en moitas iniciativas que saen da biblioteca. Realizamos así traballos para conmemorar o día do libro o para promover a lectura en xeral (ano do cómic, mes da novela negra...) e o noso departamento traballa tamén en colaboración co departamento de normalización lingüística facendo actividades que teñen como fin defender a nosa lingua, anualmente, colaboramos co departamento de normalización facendo un concurso de fotografía que ten como telón de fondo a nosa comarca, a elaboración dun calendario escolar para utilizar no centro e actividades que van xurdindo.

Desde as materias do departamento colaboramos no plan lector do centro, traballando coas seguintes recomendacións:

- Activar coñecementos previos e presuposicións antes da lectura.
- Traballar a lectura en voz alta.
- Necesidade de reler os textos as veces necesarias
- Elaborar glosario básico de temas específicos da materia
- Elaborar listados de conceptos non comprendidos.
- Usar o dicionario.
- Ensinar a seleccionar ou subliñar o mais relevante de cada apartado ou parágrafo (palabras clave).
- Ensinalos a analizar os recursos tipográficos para comprender mellor a organización do texto.
- Ensinar a xeneralizar/englobar unhas ideas noutras.
- Resumos, esquemas, mapas conceptuais...
- Recomendar lecturas.
- Usar a B E.
- Traballar con diferentes tipos de texto cuxa dificultade se vaia incrementando ao longo da ESO.
- Reducir a aprendizaxe memorística.
- Que o alumno reelabore coas súas palabras a distinta información recibida.
- Ensinar a diferenciar os feitos das opinións.
- Dar opinión persoal sobre a lectura dun texto/narración...axeitado ao seu nivel.
- Dar opinión persoal sobre lectura de obras, narracións orais...axeitadas ao seu nivel.

TRATAMENTO DE FOMENTO DAS TIC.

Para o departamento de debuxo quizáso mais importante para o fomento das TIC é o feito de que os alumnos comprendan que as novas tecnoloxías proporcionan ferramentas de gran valor á hora de crear e tratar imaxes e á hora de buscar información que precisa n para elaborar traballos, O fomento das TIC es algo sinxelo de lograr na materia que nos ocupa xa que, na actualidade forma parte do currículo da mesma.

A intención do departamento neste aspecto é que os alumnos comprendan que, aínda que as ideas xorden deles do xeito mais sinxelo (

este é o proceso máis importante da creación e por iso é fundamental que o comprendan) as posibilidades de xerar imaxes ou buscar información con medios informáticos é enorme.

Dende a materia que nos ocupa procuraremos:

- que os alumnos coñezan os programas de debuxo máis importantes (programas de tratamento de imaxes: photoshop, Gimp, Corel draw, Draw) e que consigan crear imaxes utilizándoos. Para iso, algúns dos traballos que se propoñen no curso deberán entregarse en soporte dixital (cartel contra a violencia de xénero, postais de nadal...)

-Que para facer os traballos propostos os alumnos accedan a internet desde o centro co fin de buscar información necesaria para a elaboración dos mesmos ou de encontrar imaxes que sexan útiles e que coñezan os límites da utilización das imaxes que baixan de Internet;

- Trataremos tamén de que o alumno coñeza os traballos de animación máis recentes e mostrarlles a existencia dos programas de animación e de creación 3D máis importantes.

- Buscaremos que o alumno traballe as competencias dixitais desde todos os bloques de contidos, tamén desde o de debuxo técnico, dándolles a coñecer programas sinxelos nos que aplicar este tipo de contidos (xeoxebra, sketchup...)

O traballo na aula de informática é sobre todo importante para que os alumnos se familiaricen co uso de algúns dos programas citados pero, tanto o seu coñecemento como a visita as webs máis interesantes farémolas a través do canón da aula ou, se o visionado ou a interactividade dalgunha de elas así lo precisase, na pizarra dixital.

Os alumnos de primeiro da ESO traballarán as veces na aula cos ordenadores do proxecto Abalar, que xa teñen instalados os programas de software libre cos que traballaremos (Gimp e xeoxebra).

EDUCACIÓN CÍVICA É PREVENCIÓN DA VIOLENCIA.

Neste apartado é moi importante que, a través da materia, atopemos a forma de proporcionar aos alumnos os valores que sustentan a vida en común e a cohesión social; Tamén aqueles valores que favorecen: A liberdade persoal, a responsabilidade, a solidariedade, a igualdade, respecto... en definitiva, todos aqueles aspectos que constitúen a base dunha vida en sociedade.

Neste sentido, a nosa materia, ademais de crear un ambiente de traballo no aula de aceptación, respecto e confianza que axude ao alumno a construír unha imaxe positiva de si mesmo e propoñer actividades ou traballos en grupo co fin de crear espazos próximos de convivencia deseña actividades nas que traballa de forma específica contidos deste elemento transversal.

EMPRENDEMENTO:

Trátase aquí de adquirir destrezas e habilidades necesarias para conseguir un obxectivo proposto. De adquirir conciencia do obxectivo e planificar o modo de logralo.

Sempre que desde esta materia queiramos deseñar propostas de traballo que desenvolvan estes aspectos, as nosas actividades e propostas terán que traballar os seguintes ámbitos:

Capacidade de análise do alumno, capacidade de planificación e execución das fases de traballo, capacidade de superación dos problemas técnicos que aparecen durante a execución e de atopar novas vías, habilidades para traballar en grupo e desenvolvemento da creatividade e da imaxinación para a procura de solucións e alternativas. A gran maioría das propostas do departamento traballan estes aspectos. Podemos dicir entón que desde a materia que nos ocupa traballamos aspectos básicos deste elemento transversal que está directamente relacionado co desenvolvemento da capacidade de sentido da iniciativa e espírito emprendedor.

Debemos traballar polo tanto: Creatividade, imaxinación, autoconhecimento e autoestima, aspectos estes reflectidos nos diversos apartados da programación

12. Actividades complementarias e extraescolares

Actividades complementarias e extraescolares

O departamento de debuxo participa e organiza bastantes actividades extraescolares cos alumnos da ESO. Algunha de elas inclúense ao currículo e toman forma de traballos a través dos cales estudamos os contidos básicos da materia: Carteis contra a violencia de xénero,

postais de nadal, elaboración da axenda escolar, cartel das letras galegas, concurso fotográfico sobre o Ribeiro, elaboración da pancarta do correlingua, colaboración na realización da revista escolar.....

Por outra banda, é intención do departamento de debuxo é realizar unha visita cultural especialmente dedicada aos alumnos da ESO. O que se pretende é realizar una visita a algún dos museos que temos na comunidade (Ourense, Vigo, Coruña ou Santiago) ou calquera outra ofertada ao centro e que resulte de interese para os alumnos (sempre que traballe contidos impartidos nas materias adscritas ao departamento). Antes de organizar a visita o departamento estuda a programación de cada un deles e decide a visita (sempre tendo en conta as exposicións que ofertan os museos e como se axustan estas á programación, a os aspectos nos que o departamento que profundar). Como consecuencia da situación xerada pola pandemia, o pasado curso non houbo actividades extraescolares e sospeitamos que o presente curso a situación sexa similar, ou que se poidan realizarse actividades pero con grandes limitacións. Estaremos atentos ás novas disposicións, se a situación o permite, participaremos en actividades extraescolares que enriquezan dalgunha forma o proceso de aprendizaxe dos nenos.

Quedarán constancia nas correspondentes actas do departamento e na memoria final do curso de xeito detallado do que fagamos neste sentido, así como das actividades extraescolares anteriormente citadas (concurso fotográfico, de postais, de carteis...),

13. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación	
Planificación	<ul style="list-style-type: none"> • Planifica a práctica docente tendo en conta os estándares de aprendizaxe. • Realiza a temporización tendo en conta as horas asignadas á materia e a duración dunha sesión de traballo. • Selecciona e secuencia os contidos de maneira progresiva e tendo en conta os aspectos particulares de cada grupo. • Planifica as clases de maneira aberta e flexible. • Selecciona e elabora os materiais e recursos didácticos para desenvolver a práctica docente na aula. • Establece criterios, procedementos e instrumentos de avaliación correlacionados cos estándares de aprendizaxe.
Motivación do alumnado	<ul style="list-style-type: none"> • Dá a coñecer a planificación da práctica na aula proporcionando unha visión de conxunto ao comezo de cada bloque de contidos e de cada sesión de traballo. • Establece canles de comunicación para que o diálogo sexa fluído dentro e fóra da aula. • Proporciona ao alumnado o apoio necesario durante o proceso de ensino aprendizaxe. • Desenvolve actividades de diversos tipos e características introducindo elementos novos e diversos. • Fomenta un bo ambiente na aula. • Promove a participación activa do alumnado. • Fai posible a retroalimentación na entrega e avaliación de prácticas e traballos. • Relaciona os contidos, os proxectos e as actividades cos intereses do alumnado. • Organiza a aula para que o alumnado dispoña de espazo e recursos na realización de prácticas e proxectos. • Evita a repetición de proxectos a fin de introducir elementos novos e diversos que motiven ao alumnado.
Traballo na aula	<ul style="list-style-type: none"> • Resume e repasa ao comezo de cada sesión os contidos xa traballados en sesións anteriores. • Utiliza exemplos na introdución de novos contidos. • Resolve as dúbidas do alumnado dentro e fóra das sesións de traballo. • Establece tempos fóra das sesións de traballo para atender ao alumnado.

	<ul style="list-style-type: none"> • Utiliza diferentes soportes durante sesións de traballo. • Selecciona prácticas, proxectos e actividades en xeral que permitan alcanzar os estándares de aprendizaxe e a adquisición das competencias clave.
Avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe	<ul style="list-style-type: none"> • Realiza a avaliación inicial a fin de tomar as medidas individuais ou colectivas necesarias. • Analiza os procesos e os resultados das prácticas, proxectos, exercicios, probase e actividades en xeral. • Establece medidas que permitan introducir melloras. • Fai posible a retroalimentación na entrega e avaliación de prácticas e traballos indicando os aspectos nos que o alumnado pode e debe introducir melloras. • Proporciona indicacións durante a realización do traballo práctico na aula. • Supervisa de forma continua a resolución de exercicios e realización de tarefas que se desenvolven durante sesións de traballo. • Favorece os procesos de autoavaliación. • Propón actividades complementarias para resolver problemas que xorden durante o proceso de ensino-aprendizaxe. • Establece con claridade os criterios de avaliación e de puntuación. • Informa ao alumnado e ás súas familias dos resultados obtidos.

Debido ao carácter práctico da materia de EPV, a finais de cada trimestre farase un análise do traballo levado a cabo, de forma que poida ser avaliado a finais de curso para poder realizar a memoria e a programación do curso seguinte, reducindo, ampliando ou modificando a mesma. Darase moita importancia a avaliación dos contidos, o tipo de actividades levadas a cabo, o plantexamento das actividades e a dinámica de grupos para revisalos e modificalos, se fose necesario. Hai que ter sempre en conta a avaliación inicial, que será a que nos indicará o nivel aproximado do alumnado para poder finalizar e encamiñar no curso a programación establecida. Dentro do análise da propia programación didáctica do curso hai que ter en conta: -Se se vai consultando a propia programación ó longo do curso. -Se se van cumprindo as competencias básicas. -As ferramentas de avaliación. -As posibilidades de cumprir a programación en cada curso. -Se saben @s alumn@s a programación, a metodoloxía e os criterios de cualificación empregados (uso da programación de aula). -Si se introducen na programación algún dos temas ou actividades propostas polo alumnado. -Si se vai enriquecendo e reforzando a materia ó longo do curso. Cada unha das avaliacións debe ser un instrumento de mellora para a propia programación. Os datos que se van obtendo son útiles para obter melloras que poidan servir para modificar a programación para adaptala mellor ás propias necesidades dos alumn@s. Estes datos teñen que servir para mellorar a avaliación propia durante o curso, non só ó final xa que se non non será produtivo para ese curso. Durante cada trimestre servirá para identificar lagoas, aspectos que supoñen algunha dificultade para o alumnado ou necesidades de aumentar actividades de reforzo ou ampliación. Realmente será unha avaliación que vai a servir como ferramenta de mellora durante o propio curso e para os vindeiros cursos.